



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 28 de febreiro de 2025



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 28 DE FEBREIRO DE 2025.

*Declaración Institucional de la Diputación de A Coruña con motivo del 8M, DÍA INTERNACIONAL DE LAS MUJERES

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2025 do 31 de xaneiro de 2025.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de xaneiro de 2025 ata o 21 de febreiro de 2025.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

3. Dación de conta da Resolución da Presidencia número 6745 do 15 de febreiro de 2025 pola que se aproba o Plan Anual de Contratación para o ano 2025.
4. Aprobación da rectificación anual do Inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2024.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

5. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma do espazo de coworking dentro do edificio administrativo do Lagar", do Concello da Pobra do Caramiñal incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0575.0 levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento
6. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Galicia. Fase IV", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2102.0629.0
7. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Parque infantil de Bemantes, Miño", do Concello de Miño incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0554.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

8. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a novembro de 2024.
9. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a decembro de 2024.



10. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Coristanco en materia de recadación da Taxa pola entrada de vehículos.

11. Dación de conta da resolución de presidencia número 53626/2024, relativa ao persoal eventual.

12. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xaneiro de 2025.

13. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2024.

14. Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 a 2024.

15. Dación de conta da remisión do Orzamento do exercicio 2025 da Deputación e o seu ente dependente á Administración do Estado.

16. Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2025 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

17. Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2024.

18. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 1/2025 de aprobación polo Pleno.

19. Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2026-2028.

20. Dación de conta da resolución de presidencia número 4234/2025, relativa ao persoal eventual.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

21. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co concello de Ferrol, para a encomenda de xestión da realización do proxecto de acondicionamento das Baterías de Costa de Ferrolterra: Batería de Monte Ventoso.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

22. Aprobación dos proxectos de obras de conservación de Vías Provinciais. Plan de Acondicionamento - Conservación de Vías Provinciais 2025

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1.Moción PP sobre as obrigas de rexistro documental e información das persoas físicas que exerzan hospedaxe.

2.Moción PP sobre o déficit de médicos en atención primaria.

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 28 de febreiro de 2025.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 28 de febreiro de 2025, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María el Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:06 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Empezamos coa declaración institucional sobre o 8M.

Sra. Secretaria



***Declaración Insitucional da Deputación da Coruña co gallo do 8M, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES**

A igualdade de xénero non é só un dereito fundamental, senón que é un dos piares básicos para conseguir un mundo pacífico, próspero e sostíbel. Nas últimas décadas téñense conseguido avances importantes mais o mundo está lonxe de alcanzar a igualdade en 2030 tal e como recollen os obxectivos de desenvolvemento sostíbel das Nacións Unidas.

Avanzar en igualdade de xénero é fundamental para crear unha sociedade saudábel en todos os ámbitos, desde a redución da pobreza até a promoción da saúde, a educación ou o benestar.

O lema elixido neste 2025 , e ao que nos unimos na Deputación, por Nacións Unidas para este ano é " para todas as mulleres e as nenas: Dereitos. Igualdade. Empoderamento.

Desde a Deputación queremos aproveitar esa data para seguir reivindicando melloras nas condicións laborais das mulleres, nomeadamente nas mulleres que se dedican ó traballo dos coidados, e dentro deste colectivo queremos visibilizar o traballo das mulleres migrantes, que son, hoxe en día, a maioría das coidadoras dos nosos maiores e menores.

Os datos do observatorio contra o racismo e a xenofobia son moi contundentes e indican que o 30% teñen contratos a tempo parcial, que o 12% teñen contratos verbais, que a fenda salarial por nacionalidade chega ao 37% e que a taxa de desemprego de mulleres inmigrantes a respecto do homes chega ao 60%.

Non debemos esquecer tampouco que as mulleres migrantes están expostas a violacións, situacións de maltrato e incluso escravitude, e cando chegan á sociedade europea enfróntanse tamén a prexuízos que agudizan a súa situación de vulnerabilidade.

O feminismo é unha necesidade para responder ao rearme do machismo e ao avance das posicións máis reaccionarias e mesmo fascistas ao longo do planeta. Hai xa máis de cen anos que o 8 de marzo comezou a recoñecerse e consolidarse como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres e a forma de honrala é impulsar avances concretos para que os dereitos lexislados sexan dereitos reais. Na última década, a forza do feminismo fixo que se produciran cambios legislativos e un proceso de toma de conciencia colectiva que nos fixo avanzar posicións.

Mais hoxe, vemos con preocupación o avance de posicións e medidas abertamente retrógradas no ámbito social ou institucional, con consecuencias que agravan a desigualdade e mesmo cuestionan a existencia da violencia machista que ameaza as nosas vidas. Hoxe, vemos con preocupación novos mecanismos de compra-venda e alienación dos nosos corpos e das nosas vidas, o fortalecemento da manófera ou as consecuencias para as mulleres da concatenación de crises.

Así, a fenda salarial continúa, vemos tamén unha sobrerrepresentación das mulleres nos tramos de menores ingresos e unha infrapresenza nos de maiores ingresos. Aínda que aumentou a poboación feminina ocupada, hai unha terciarización dese aumento e a xornada parcial continúa sendo unha característica do emprego feminino. Aínda que a fenda salarial en Galicia se reduciu nun 3,6 desde o ano 2018 ao 2022, entre outras cousas grazas á continúa subida do salario mínimo interprofesional, vemos unha sobrerrepresentación das mulleres nos tramos de menores ingresos e unha infrapresenza nos de maiores ingresos. Aínda que aumentou a poboación feminina ocupada, hai unha terciarización dese aumento e a xornada parcial continúa sendo unha característica do emprego feminino. Todos estes factores fan que permaneza a situación de feminización da pobreza e nalgún caso comprobamos un aumento nesa fenda entre homes e mulleres, todos estes factores fan que permaneza a situación de feminización da pobreza e nalgún



caso comprobamos un aumento nesa fenda entre homes e mulleres.

Para continuar avanzando na eliminación da fenda de xénero no mercado laboral temos que traballar para impulsar políticas que favorezan e melloren a integración laboral das mulleres e as ocupacións STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñerías e matemáticas), a comezar pola sensibilización e a promoción na infancia e xuventude.

O feito de que haxa innumerábeis dereitos e medidas recollidas no marco lexislativo que non se cumpren na vida diaria debe facernos reflexionar sobre a necesidade de que se muden e actualicen as ferramentas para os facer efectivos.

O compromiso da Deputación da Coruña coa igualdade é firme, e abrangue todas ás áreas desta institución. Nos últimos anos a aposta tanto no incremento orzamentario como nos programas e actividades desta administración así o demostran, tamén a aprobación do plan de igualdade ou o regulamento de transversalidade de xénero.

Somos conscientes que só con políticas transversais, integrais e coordinadas poderemos construír esa sociedade en igualdade.

Por todo isto, a Deputación da Coruña comprométese a impulsar decididamente e de forma transversal políticas de igualdade entre mulleres e homes, algunhas delas xa recollidas no Plan de Igualdade da Deputación e que se poñerán en marcha nos vindeiros meses.

Seguiremos realizando programas que favorezan e melloren a integración das mulleres nas ocupación STEM na liña do xa realizado hai meses no IES Rosalía Mera.

Realizaremos accións para protexer as persoas menores de idade nos contornos dixitais fronte á pornografía e as violencias sexuais.

Poñeremos en marcha neste ano o programa coeducativo da Deputación da Coruña para os vindeiros anos, incrementaremos os programas de educación afectivo-sexual, na liña do xa feito na campaña do 25N desde esta institución, baseados no respecto, na igualdade e na dignidade.

E, por último, comprometémonos co impulso das novas medidas recollidas na recente renovación do pacto de estado en materia de violencia de xénero.

Sr. Presidente

Empezamos co primeiro punto.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2025 do 31 de xaneiro de 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 1/2025 do 31 de xaneiro de 2025.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de xaneiro de 2025 ata o 21 de febreiro de 2025.

Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 15 de xaneiro de 2025 ata o 21



de febreiro de 2025.

3.- Dación de conta da Resolución da Presidencia número 6745 do 15 de febreiro de 2025 pola que se aproba o Plan Anual de Contratación para o ano 2025.

1º.- Dar conta ao pleno da corporación provincial da aprobación do Plan Anual de Contratación para o ano 2025.

2º.- Publicar o Plan anual de Contratación 2025 no Portal de Transparencia desta Deputación e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, para os contratos suxeitos a regulación harmonizada, realizarase un anuncio de información previa de conformidade co establecido no artigo. 134.2 da LCSP en relación co artigo. 28.4.

4.- Aprobación da rectificación anual do Inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“A última rectificación do inventario aprobouse por acordo do Pleno da Deputación de 28 de xuño do 2024, referida ao exercicio 2023. En consecuencia, a rectificación que agora se propón abrangue o período de 1 de xaneiro de 2024 a 31 de decembro de 2024.

Xa nos pasados exercicios constatouse a existencia de limitacións administrativas e de tratamento da información que viñan lastrando a optimización do proceso de inventario e, como consecuencia, o contido da información subministrada. Por tal motivo, durante 2024 levouse a cabo a implantación da nova ferramenta informática de xestión do patrimonio, GPA, a formación do persoal e os traballos de conciliación coa contabilidade -aínda non concluídos- pero que nos permite iniciar o exercicio 2025 co novo aplicativo plenamente operativo, o que garantirá a trazabilidade de cada operación patrimonial e o seu correcto apunte.

O Pleno da Deputación, na súa sesión de 28 de xuño de 2024 aprobou o plan de implantación do aplicativo GPA para a xestión do Inventario o que conleva a depuración do seu contido.

A día de hoxe atópanse practicamente actualizados en GPA os epígrafes I ao IV do inventario de bens e durante o 2025 prevese actualizar o resto. Estas operacións de actualización do aplicativo GPA para acomodalo á realidade patrimonial consisten – en síntese- en tomar como punto de partida os datos existentes na contabilidade patrimonial e tramitar en GPA as modificacións necesarias cun triple obxectivo: Que o inventario se acomode á realidade, que estea conciliado coa contabilidade e que manteña unha liña de continuidade co inventario preexistente.

Estas actualizacións de GPA supuxeron no exercicio 2024 tramitar un total de 6056 baixas, 195 altas e un conxunto de 98 páxinas de reclasificacións, e que poden consultarse na documentación anexa que se achega coa presente proposta e que xa non se incorporan a este documento por tratarse, na súa maioría, de axustes para aproximar



o contido do aplicativo á realidade existente.

No presente expediente de rectificación anual tamén figuran enlazados no aplicativo Subtel os expedientes administrativos que fundamentan as modificacións propostas, o que permite consultar os seus contidos e a súa trazabilidade.

Ademáis das altas, baixas e modificacións que experimentou o inventario ao longo do exercicio 2024 e que se reflicten no presente documento de rectificación anual, tamén se produciron outras actuacións que non dan lugar a variacións patrimoniais pero que cómpre recoller a título meramente informativo para poder facilitar unha visión global:

<i>Expediente:</i>	<i>Concepto:</i>
2024000017485 2024000017508 2024000017545 2024000034849 2024000034898 2024000050766	ACTUALIZACIÓN DE LINDEIROS DE ESTRADAS PROVINCIAIS
2024000004601	DECLARACIÓN DE EFECTOS NON UTILIZABLES DE DIVERSO MATERIAL INSERVIBLE DA BIBLIOTECA PROVINCIAL E A SÚA ELIMINACIÓN MEDIANTE TRASLADO A PUNTO LIMPO

A continuación relaciónanse as altas, baixas e modificacións experimentadas no inventario durante o ano 2024

Altas no inventario:

Entre a documentación do presente expediente achégase un listado de 12 páxinas denominado *Altas 2024 GPA* que recolle as altas efectuadas no aplicativo durante o ano 2024 con obxecto de depurar o seu contido, traballo que terá continuidade no exercicio 2025, pero que non terían incidencia relevante sobre a situación patrimonial polo que xa non se reflicten na presente proposta. As que teñen incidencia sobre o inventario son as seguintes:



Expediente:	Concepto:	Epígrafe:
RP 7482/2024	Oficinas Provisionais Área Tributaria	4
Convenio 72/2024	Plató Virtual	4
2023000038474	22 Sillas	Emilio Romay 7
2023000038474	1 Mesas	Emilio Romay 7
2024000011679	30 Sillas	Centro Entográfico de Teix 7
2023000038474	1 Mueble sala	Emilio Romay 7
2024000001393	1 Debrozadora	Pazo de Mariñán 7
2024000012774	1 ESPECTRODENSITOMETRO DE R	IES Rosalía Mera 7
2024000012782	1 Televisión	IES Rosalía Mera 7
2024000003766	4 Archivadores	Biblioteca Provincial 7
2024000018235	24 Taquillas	IES Rosalía Mera 7
PCO.001.2023.00436	1 Recuperador de calor	Imprenta provincial 7
2024000022599	1 Taquilla	Emilio Romay 7
PCO.001.2024.00612	1 Lavadora	Pazo de Mariñán 7
2024000034740	1 Lavaplatos	Emilio Romay 7
2024000048266	1 Cilindro eléctrico (maquinaria)	IES Rosalía Mera 7
2024000047375	1 Mesa ping pong exterior	IES Rosalía Mera 7
2024000048218	1 Porterías futbol sala	IES Rosalía Mera 7
2024000047020	1 Mesa ping pong interior	IES Rosalía Mera 7
2024000045094	1 Frigorífico	Emilio Romay 7

Baixas no inventario:

Entre a documentación do presente expediente achégase un listado de 399 páxinas denominado *Bajas 2024 GPA* que recolle as baixas efectuadas no aplicativo durante o ano 2024 con obxecto de depurar o seu contido, traballo que terá continuidade no exercicio 2025, pero que non terían incidencia relevante sobre a situación patrimonial polo que xa non se reflicten na presente proposta. As que consideramos que teñen incidencia sobre o inventario son as seguintes:

Expediente:	Concepto:	Epígrafe:
Acordo de Pleno 20/12/2024	SEGREGACIÓN E CESIÓN GRATUITA DA SUPERFICIE DE 728,36 METROS CADRADOS DO PREDIO MATRIZ CON REFERENCIA CATASTRAL 15069A076011460000PD QUE ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POSEE EN BALARÉS-PONTECESO, A FAVOR DO CONCELLO DE PONTECESO	1
2024000049069	Amortización de accións de Xestión do Solo de Galicia - Xestur S.A.	4
2024000024957	Cesión Vehículo ANPA Andares 6203BHL	5

Modificacións de inventario:

Entre a documentación do presente expediente achégase un listado de 98 páxinas denominado *Reclasificacións 2024 GPA* que recolle as modificacións efectuadas no aplicativo durante o ano 2024, e que terán continuidade no exercicio 2025, pero que non terían incidencia relevante sobre a situación patrimonial polo que xa non se reflicten na presente proposta.

A aplicación das mencionadas altas, baixas e modificacións ao último inventario aprobado polo Pleno da Deputación de 28 de xuño do 2024 conforma o novo inventario rectificado e que se achega co presente informe.

A súa estrutura é a seguinte:



<i>Epígrafes do inventario:</i>	<i>Valor neto contable:</i>
<i>1 Inmobles</i>	<i>194.323.213,08 €</i>
<i>2 Dereitos reais</i>	<i>0,00 €</i>
<i>3 Mobles de carácter histórico-artístico ou considerable valor</i>	<i>2.581.979,09 €</i>
<i>4 Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal</i>	<i>68.183.410,11 € + 469.946,36 € = 68.653.356,47 €</i>
<i>5 Vehículos</i>	<i>445.425,78 €</i>
<i>7 Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados</i>	<i>2.011.751,61 €</i>
<i>8 Bens e dereitos revertibles</i>	<i>15.380.109,35 €</i>

Con relación ao Epígrafe 1, Inmobles, sinalar que a presente rectificación xa recolle estes bens con separación do solo e da construción, o que dende o 1 de xaneiro de 2025 nos permite imputar a cada un destes bens as melloras que se produzan segundo afecten á parte construída ou a propiedade do solo. Ata esta data, os investimentos efectuados sobre estradas recollíanse de xeito agrupado nun único ben por cada exercicio o que explica que sigan figurando no listado ata a súa completa amortización.

No Epígrafe 2, Dereitos reais, o aplicativo GPA reflicte a 31 de decembro do 2024 un total de catro bens cedidos a favor da Deputación valorados en 469.946,36 €: Dúas oficinas recadatorias, Corcubión e Narón, o Pazo de Arenaza e unha escultura. Tratándose de dereitos persoais corresponde recollelos no Epígrafe 4 como dereitos de carácter persoal e queda pendente a súa corrección no aplicativo GPA ao longo do 2025.

O Epígrafe 3, Mobles de carácter histórico-artístico ou considerable valor, o traballo de depuración do aplicativo GPA aínda non rematou polo que se opta por dar continuidade ao inventario do pasado exercicio.

No Epígrafe 4, Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal recóllense os Plans de Aforro e Investimento como créditos a longo prazo a favor da Deputación da Coruña e reflíctense polo seu valor bruto, obtido directamente dos datos proporcionados pola contabilidade financeira.

No Epígrafe 5, Vehículos, causou baixa un furgón usado con matrícula 6203BHL que foi entregado á ANPA Andares, polo que xa non procede incorporar este elemento como ben inventariable. A relación de vehículos que constan no presente documento obtívose directamente do Parque Móbil.

Con relación ao Epígrafe 7 sinalar que aínda non foi posible concluir os traballos de depuración e adecuación do inventario do aplicativo GPA á realidade existente, polo que se opta por dar continuidade ao inventario aprobado polo Pleno no pasado exercicio coa correspondente actualización coas altas, baixas e modificacións que procedan.

O presente documento contén a información resumida do inventario de bens da Deputación da Coruña. Na documentación que se achega co presente documento, no aplicativo SUBTEL e, sobre todo, no GPA atópase toda a información desenvolvida e os



antecedentes que serven de soporte.

A aprobación da rectificación do inventario correspóndelle ao Pleno da Deputación da Coruña, de conformidade co previsto no artigo 34 do citado Regulamento de Bens. Unha vez aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á da Xunta de Galicia.

A última rectificación do inventario efectuouse por acordo do Pleno da Deputación de 28 de xuño de 2024 referente ao exercicio 2023. En consecuencia a rectificación que agora se propón abrangue o período de 1 de xaneiro de 2024 a 31 de decembro de 2024, da que se da explicación detallada no presente informe da xefatura de sección coa conformidade da xefatura de servizo.

Á Secretaria Xeral correspóndelle propor ao Pleno da Corporación, logo do informe da Intervención e o ditame da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte rectificación do Inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2024:

Altas no inventario:

Expediente:		Concepto:		Epígrafe:
RP 7482/2024		Oficinas Provisionais Área Tributaria		4
Convenio 72/2024		Plató Virtual		4
2023000038474	22	Sillas	Emilio Romay	7
2023000038474	1	Mesas	Emilio Romay	7
2024000011679	30	Sillas	Centro Entográfico de Teix	7
2023000038474	1	Mueble sala	Emilio Romay	7
2024000001393	1	Debrozadora	Pazo de Mariñán	7
2024000012774	1	ESPECTRODENSITOMETRO DE P	IES Rosalía Mera	7
2024000012782	1	Televisión	IES Rosalía Mera	7
2024000003766	4	Archivadores	Biblioteca Provincial	7
2024000018235	24	Taquillas	IES Rosalía Mera	7
PCO.001.2023.00436	1	Recuperador de calor	Imprenta provincial	7
2024000022599	1	Taquilla	Emilio Romay	7
PCO.001.2024.00612	1	Lavadora	Pazo de Mariñán	7
2024000034740	1	Lavaplatos	Emilio Romay	7
2024000048266	1	Cilindro eléctrico (maquinaria)	IES Rosalía Mera	7
2024000047375	1	Mesa ping pong exterior	IES Rosalía Mera	7
2024000048218	1	Porterías futbol sala	IES Rosalía Mera	7
2024000047020	1	Mesa ping pong interior	IES Rosalía Mera	7
2024000045094	1	Frigorífico	Emilio Romay	7

Baixas no inventario:

Expediente:	Concepto:	Epígrafe:
Acordo de Pleno 20/12/2024	SEGREGACIÓN E CESIÓN GRATUITA DA SUPERFICIE DE 728,36 METROS CADRADOS DO PREDIO MATRIZ CON REFERENCIA CATASTRAL 15069A076011460000PD QUE ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POSEE EN BALARÉS-PONTECESO, A FAVOR DO CONCELLO DE PONTECESO	1
2024000049069	Amortización de accións de Xestión do Solo de Galicia - Xestur S.A.	4
2024000024957	Cesión Vehículo ANPA Andares 6203BHL	5

Incorpórase como anexo ao expediente o Inventario completo de Bens e Dereitos da Deputación Provincial da Coruña coa rectificación acordada que será dilixenciado pola



Secretaría xeral xunto coa certificación do presente acordo. Do mesmo xeito, forma parte deste Inventario de Bens toda a documentación contida nos aplicativos SUBTEL e GPA que serven de fundamento.

SEGUNDO: Remitir o presente acordo á Administración Xeral do Estado e á da Xunta de Galicia, de conformidade co preceptuado no artigo 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 17 e 31 a 35 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña para os efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 8.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Non obstante, as mencionadas autoridades e órganos competentes decidirán o que estimen oportuno.”

5.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma do espazo de coworking dentro do edificio administrativo do Lagar", do Concello da Pobra do Caramiñal incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0575.0 levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello da Pobra do Caramiñal do proxecto modificado do investimento denominado “Reforma do espazo de coworking dentro do edificio administrativo do Lagar”, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0575.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo plenario desta deputación do día 22 de novembro de 2024 en relación coa Resolución de Presidencia número 51945 do día 13 de decembro de 2024, polo que se aproba a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 por maior achega provincial

Tendo en conta que a aprobación definitiva dalgúns dos investimentos incluídos neste Plan quedou condicionada ao cumprimento das condicións singulares suspensivas que se indican no anexo ao acordo plenario provincial de aprobación, entre as que se atopa o investimento que a continuación se indica, cuxos datos se reflicten na seguinte táboa:



CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTE
Pobra do Caramiñal	2024.2102.0575.0	Reforma do espazo de coworking dentro do edificio administrativo do Lagar	48.222,65	0,00	48.222,65	Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

Logo de aprobar o Concello da Pobra do Caramiñal un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 7 de novembro de 2024 polo arquitecto Miguel Martínez Castro, que xa asinara o primeiro proxecto e cun orzamento de contrata de 46.128,93 € o que supón unha minoración de 2.093,72 € respecto do proxecto inicialmente presentado, coa finalidade de corrixir os erros sinalados polos Servizos de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable do día 16 de outubro de 2024.

Tendo en conta que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o día 12 de decembro de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+ Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.-Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reforma do espazo de coworking dentro do edificio administrativo do Lagar”, do Concello da Pobra do Caramiñal, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0575.0 cun orzamento de contrata de 46.128,93 € o que supón unha minoración de 2.093,72 € respecto do proxecto inicial. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o día 12 de decembro de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, con diminución do orzamento de contrata respecto do proxecto inicialmente presentado, sen variación nin do seu obxecto nin da súa finalidade, redactado coa finalidade de corrixir os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable do día 16 de outubro de 2024.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, considerar cumprida a condición singular á que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.



Proxecto modificado con diminución Concello da Pobra do Caramiñal			
"Reforma do espazo de coworking dentro do edificio administrativo do Lagar"	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Código 2024.2102.0575.0			
Deputación	48.222,65	46.128,93	-2.093,72
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	48.222,65	46.128,93	-2.093,72

3- Na partida 2025/0430-93396-76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

4.- Notificarlle esta Resolución ao Concello da Pobra do Caramiñal para os efectos oportunos."

6.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Galicia. Fase IV", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2102.0629.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Galicia. Fase IV", do Concello das Pontes de García Rodríguez incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0629.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación do 26 de novembro de 2021, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+ Adicional 2/2021), elaborado no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello das Pontes de García Rodríguez denominado "Mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Galicia. Fase IV", co código 2021.2102.0629.0

Logo de aprobar o Concello das Pontes de García Rodríguez un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado o 3 de agosto de 2023, cun incremento do



orçamento de contrata respecto do proxecto incluído no Plan que é asumido integramente polo concello, para actualizar os prezos dos materiais, man de obra e maquinaria ao custe actual debido ás circunstancias e o tempo transcorrido dende a súa redacción

Logo de ver o certificado emitido pola intervención municipal, no que se fai constar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Galicia. Fase IV”, do Concello de As Pontes de García Rodríguez, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2102.0629.0, asinado dixitalmente o 3 de agosto de 2023, que foi aprobado polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de axustar o proxecto inicial ás necesidades dos prezos actuais da obra dado ás circunstancias e ao tempo transcorrido dende a súa redacción inicial e tendo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo Concello das Pontes de García Rodríguez, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello das Pontes de García Rodríguez “Mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Galicia. Fase IV” Código 2021.2102.0629.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	233.904,23	233.904,23	0,00
Concello	0,00	43.269,32	43.269,32
Total	233.904,23	277.173,55	43.269,32

2.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2025, que previsiblemente se vai aprobar polo Pleno desta corporación na vindeira sesión do 28 de febreiro de 2025, que é a mesma sesión na que se vai someter á aprobación este expediente, no que se inclúe na aplicación 0430/4592/76201 crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello das Pontes de García Rodríguez para os efectos oportunos.”

7.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Parque infantil de Bemantes, Miño", do Concello de Miño incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código



2024.2102.0554.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Parque infantil de Bemantes, Miño”, do Concello de Miño, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0554.0, que foi aprobado de forma condicionada á supervisión favorable do proxecto corrixido e a súa aprobación polo concello. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o día 17 de decembro de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, sen variación nin do seu obxecto nin da súa finalidade, e foi redactado para corrixir, por unha parte, as deficiencias sinaladas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación nos seus informes desfavorables dos días 15 de outubro e 3 de outubro de 2024; e por outra, unha serie de erros detectados posteriormente no proxecto inicial, producíndose como consecuencia destas correccións unha minoración do seu orzamento de contrata, que se aplica a minorar a achega do concello, permanecendo invariable a achega provincial aprobada para este investimento.

Concello de Miño “Parque infantil de Bemantes, Miño” 2024.2102.0554.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	61.124,81	61.124,81	0,00
Concello	12.000,00	912,08	-11.087,92
Total	73.124,81	62.036,89	-11.087,92

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, considerar cumprida a condición singular á que foi sometido este investimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
Miño	2024.2102.0554.0	Parque infantil de Bemantes, Miño	61.124,81	912,08	62.036,89	Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

3- Na aplicación orzamentaria 2025 / 0430 / 1716/ 76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Miño para os efectos oportunos.”



8.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a novembro de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, do mes de novembro de 2024.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, no mes de novembro de 2024.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

9.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a decembro de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, do mes de decembro de 2024.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, no mes de decembro de 2024.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”



10.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Coristanco en materia de recadación da Taxa pola entrada de vehículos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Coristanco en relación coa seguinte materia:

Recadación voluntaria e executiva da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías, de notificación colectiva por padrón e cuxo cobro se realice por trimestres ou períodos superiores.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.”

11.- Dación de conta da resolución de presidencia número 53626/2024, relativa ao persoal eventual.

Dáse conta da resolución de presidencia número 53626/2024 pola que se dispón o cesamento de persoal eventual.

12.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xaneiro de 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, do mes de xaneiro de 2025.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contraincendios e



Salvamento da Coruña, no mes de xaneiro de 2025.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

13.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2024.

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2024, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma.

14.- Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 a 2024.

Dáse conta do informe da Intervención sobre o estado de execución, durante o exercicio 2024, dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional décimo sexta do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

15.- Dación de conta da remisión do Orzamento do exercicio 2025 da Deputación e o seu ente dependente á Administración do Estado.

Dáse conta da remisión do Orzamento do exercicio 2025 da Deputación e do seu ente dependente (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña) á Administración do Estado, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, polo que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

16.- Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2025 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

Dáse conta do contido do expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes número 1, aprobado por resolución da Presidencia número 4.007 do 31 de xaneiro.

17.- Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2024.

1. Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2024.
2. Dáse conta da remisión de copia da liquidación á Comunidade Autónoma en cumprimento co establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
3. Dáse conta da remisión da información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de



febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

18.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 1/2025 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 1/2025 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 120.384.727,70 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	4.775.335,90
SC. Suplementos de crédito:	115.609.391,80
Total aumentos:	120.384.727,70

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería:	120.384.727,70
Total financiamento:	120.384.727,70

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1.Gastos de persoal	1.052.420,91	0,00
	6.929.148,57	0,00

B.2 Resumen por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1.Impostos directos	0,00
	0,00



2.Gastos correntes			2.Impostos indirectos	
	0,00	0,00		0,00
3.Gastos financeiros			3.Taxas e outros ingresos	
	17.873.114,80	0,00		0,00
4.Trans. Correntes			4.Transferencias correntes	
	0,00	0,00		0,00
5.Fondo continx. y o. i.			5.Ingresos patrimoniales	
	14.314.208,30	0,00		0,00
6.Investmentos reais			6.Enaxenación investmentos reais	
	80.215.835,12	0,00		0,00
7.Trans. de capital			7.Transferencias de capital	
	0,00	0,00		120.384.727,70
8.Activos financeiros			8.Act. Finan. (Reman. Tesourería)	
	0,00	0,00		0,00
9.Pasivos financeiros			9.Pasivos financeiros	
	120.384.727,70	0,00		120.384.727,70
TOTAL				

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Facenda, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2025 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.



6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

19.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2026-2028.

Dáse conta do contido do Plan Orzamentario a medio prazo 2026-2028 de aprobación pola Presidencia.

20.- Dación de conta da resolución de presidencia número 4234/2025, relativa ao persoal eventual.

Dáse conta da resolución de presidencia número 4234/2025, do 31 de xaneiro de 2025, pola que se nomea e cesa persoal eventual.

21.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co concello de Ferrol, para a encomenda de xestión da realización do proxecto de acondicionamento das Baterías de Costa de Ferrolterra: Batería de Monte Ventoso.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de FERROL, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización do **proxecto de acondicionamento das baterías de costa de Ferrolterra: Batería de Monte Ventoso**, propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de FERROL, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización do proxecto de acondicionamento das baterías de costa de Ferrolterra: Batería de Monte Ventoso, segundo se indica:

TIPO DE COSTE	IMPORTE
Redacción do proxecto	25.500,00 €
Execución do proxecto construtivo	400.000,00 €
Control de seguridade e saúde da obra	3.280,00 €
Control de calidade da obra	4.000,00 €
TOTAIS	432.780,00 €

2. Condicionar a contratación e execución do proxecto e das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento.



3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DAS BATERÍAS DE COSTA DE FERROLTERRA: BATERÍA DE MONTE VENTOSO

A Coruña, de do 2025

REUNIDOS

D., en representación da deputación provincial da Coruña

D., en representación do concello de Ferrol

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

1. Dentro do amplo conxunto do patrimonio histórico militar da provincia da Coruña destacan os elementos de arquitectura defensiva costeira como parte fundamental do legado monumental herdado e da maioría das paisaxes culturais da provincia. Esta arquitectura constitúe unha das expresións máis claras e intelixibles da historia, ligada de forma moi directa a acontecementos transcendentales e a persoas e colectividade que xogaron papeis relevantes ao longo dos tempos.

A presenza desta arquitectura defensiva costeira en lugares estratéxicos, tanto en poboacións como no medio natural, provocou a súa integración como elementos singulares na paisaxe natural e urbana. Con todo, a perda da función orixinal da arquitectura defensiva ou fortificada, favoreceu a súa destrución ou deterioración, de maneira que a situación xeral de moitos destes monumentos alcanza un estado próximo á ruína.

Debido á súa gran extensión e complexidade, este significativo conxunto de bens de interese cultural foi pouco atendido e a preocupante magnitude da súa degradación actual require a adopción de medidas adecuadas, tanto técnicas, como administrativas e económicas para a súa protección e conservación.

2. Nestes últimos anos, a deputación da Coruña dedicou numerosos esforzos e recursos para dar a coñecer o patrimonio militar costeiro que, desde hai séculos, serviu para a defensa da nosa costa. E tamén iniciou a súa posta en valor e a difusión dos seus aspectos históricos, estratéxicos, paisaxísticos, ambientais, turísticos etc., como a edición de dous guías nas que se describe de forma exhaustiva o desenvolvemento defensivo do bordo litoral coruñés desde tempos remotos; ou a organización en Ferrol, en febreiro de 2023, do simposio internacional “Apuntando ao mar”, realizado co obxectivo de estudar desde diferentes ángulos as posibilidades para a posta en valor das baterías costeiras e outro patrimonio militar situado no litoral da provincia da Coruña.

3. Considerando que a actuación da deputación da Coruña está reforzada polo desenvolvemento do proxecto “Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra”, financiado polo Plan de Sostibilidade Turística en Destino, aprobado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).



4. As baterías de costa da contorna de Ferrolterra teñen un gran potencial para recuperar e poñer en valor a historia e o patrimonio cultural, militar e natural que indubidablemente atesouran. Estes espazos poden servir de exemplo para resaltar valores ambientais e de arqueoloxía industrial, e poden converterse, unha vez acondicionados, en lugares aos que a cidadanía poida acudir para o seu esparexemento, deporte, lecer, ou gozar dun saudable contacto coa natureza.

5. A batería de Monte Ventoso, cuxa titularidade corresponde ao concello de Ferrol en virtude de convenio asinado co Ministerio de Defensa, require dunha ampla intervención dirixida a recuperar espazos degradados, protexer instalacións, colocar sinalizacións e facilitar o acceso da cidadanía interesada na súa visita. Ademais, esta actuación pode servir de motor dinamizador dunha economía e dun desenvolvemento turístico sostible nun territorio excepcional, con abruptos cantís, rías e praias únicas na península ibérica

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a deputación da Coruña e o concello de Ferrol con suxeición as seguintes **CLÁUSULAS:**

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do concello de Ferrol a favor da deputación da Coruña para a actuación referida á “Revalorización da batería de Monte Ventoso en Ferrol”, a realizar en 2 fases:

- Fase 1ª: Redacción do proxecto de actuación.
- Fase 2ª: Realización das obras contidas no proxecto.

SEGUNDA. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

1. O orzamento de execución das accións recollidas neste convenio estímase nuns CATROCENTROS VEINTICINCO MIL CINCOCENTOS EUROS (425.500,00 €) IVE incluído, e que corresponden as seguintes accións:

- Redacción do proxecto e dirección de obra: 25.500,00 €, IVE incluído
- Realización das obras contidas no proxecto: 400.000,00 €, IVE incluído

Engadiranse a este importe os custos derivados especificamente da execución da obra, asumidos directamente pola deputación da Coruña, que se indican a continuación, calculados sobre o orzamento de execución material inicialmente previsto:

- Contrato de seguridade e saúde (0,82 %): 3.280,00 €
- Contrato de control de calidade (1,00 %): 4.000,00 €

2. O prazo de execución dos traballos é de seis (6) meses para a contratación e redacción do proxecto de obra, e de doce (12) meses para a contratación e realización das obras.

TERCEIRA. FINANCIAMENTO

O custo total da actuación recollida na cláusula primeira será asumido pola deputación da Coruña.

O detalle dos custos da execución da intervención indicada é o seguinte:

TIPO DE COSTE	IMPORTE
Redacción do proxecto	25.500,00 €



Execución do proxecto construtivo	400.000,00 €
Control de seguridade e saúde da obra	3.280,00 €
Control de calidade da obra	4.000,00 €
TOTAIS	432.780,00 €

Os custos de redacción do proxecto e de execución da obra, estimados inicialmente en 425.500,00 €, imputaranse á aplicación orzamentaria provincial 0520/4596/650. En canto aos gastos derivados da seguridade e saúde e control de calidade, estimados inicialmente en 7.280,00 €, imputaranse aos contratos vixentes na deputación da Coruña para as ditas prestacións.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE FERROL

En virtude da sinatura do presente convenio o concello de Ferrol comprométese a:

1. Encomendar expresamente á deputación da Coruña a realización da actuación “Revalorización da batería de Monte Ventoso no concello de Ferrol”.
2. Aprobar o proxecto de actuación que lle remita a deputación da Coruña.
3. Como trámite previo á licitación das obras pola deputación da Coruña, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade do terreo de actuación, libre de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións que se describan no proxecto “Revalorización da batería de Monte Ventoso”. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, cando estas fosen necesarias, correndo cos custos que se xeren.
4. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto “Revalorización da batería de Monte Ventoso”.
5. Comunicar á deputación da Coruña calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
6. Unha vez realizadas as obras pola deputación da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo concello de Ferrol, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo ésta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do concello de Ferrol.
7. Dar publicidade desta actuación da deputación da Coruña en colaboración co concello de Ferrol.

QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En virtude da sinatura do presente convenio a deputación da Coruña, recibida a encomenda de xestión á que se refire a cláusula anterior, comprométese a:

1. Contratar a redacción do proxecto “Revalorización da batería de Monte Ventoso”.
2. Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.
3. Comunicar ao concello de Ferrol a data e hora para o acto de recepción das obras pola deputación da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo concello de Ferrol, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Ferrol, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.
4. Comunicar ao concello de Ferrol calquera circunstancia que poida incidir no



desenvolvemento do proxecto.

5. Dar publicidade nesta actuación provincial da colaboración do concello de Ferrol.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do concello de Ferrol e outro representante da deputación provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio. Resolver as posibles controversias que puidieran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

SÉTIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

OITAVA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, ou dúbidas que se presenten na súa interpretación, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán decididas polo Presidente da deputación da Coruña, poñendo así fin á vía administrativa.

2. Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou que impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no mesmo.
- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

3. Cada unha das situacións descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do presente convenio.

NOVENA. PUBLICIDADE

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A súa vixencia manterase ata a entrega das obras ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poidan acordar as administracións afectadas. Inicialmente establécese un prazo de vixencia de 18 meses. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da



Comisión de Seguimento citada na cláusula sexta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por duplicado exemplar.

Pola Deputación Provincial da Coruña
Asdo.:

Polo Concello de Ferrol
Asdo.:

A Secretaria Xeral
Asdo.:"

22.- Aprobación dos proxectos de obras de conservación de Vías Provinciais. Plan de Acondicionamento - Conservación de Vías Provinciais 2025

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, compañeras y compañeros.

Bueno, nosotros vamos a votar a favor de este punto. Nos abstuvimos en comisión y el motivo de nuestra abstención fue que no viene demasiado detallado, simplemente pone las partidas en cada zona, que van variando de un año a otro, en algunos sitios son todos los años similares o idénticas y sí nos gustaría que se nos explicara un poquito cuáles son, el porqué de cada consignación en cada zona, si no de forma detallada, pero por lo menos tener un avance de lo que está previsto hacer o por qué son las partidas distintas de unas zonas a otras, o se modifican de un año a otro, mientras en otros ayuntamientos, en otras zonas, son exactamente igual cada año. Simplemente ese detalle, un poquito más de información. Por lo demás, vamos a votar a favor. No tenemos ningún tipo de duda respecto al trabajo que hacen los técnicos en estas zonas, pero sí nos gustaría tener información, porque creo que es importante que la tengamos.

Nada más, gracias.

Sr. Presidente

Pois na próxima Comisión de Vías e Obras que os técnicos expliquen o contido das asignacións por zonas, porque evidentemente son criterios puramente técnicos. Polo tanto, ningún mellor ca eles para explicalo.

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o relación dos PROXECTOS DE OBRAS DE CONSERVACIÓN EN VÍAS



PROVINCIAIS. PLAN DE ACONDICIONAMENTO-CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2025 cun orzamento total de 11.383.203,33 € que se imputará á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900, integrado polos proxectos que se detallan:

CÓDIGO OBRA	GRUPO	DENOMINACIÓN	IMPORTE IVE INCLUÍDO
2025.1100.0001.0	Grupo 1A	Ortigueira	259.037,66 €
2025.1100.0002.0	Grupo 1B	Cariño	195.487,32 €
2025.1100.0003.0	Grupo 2	Mañón, As Pontes	189.058,87 €
2025.1100.0004.0	Grupo 3	Cedeira, Cerdido, Valdoviño	331.122,89 €
2025.1100.0005.0	Grupo 4	Ferrol, Narón	643.011,13 €
2025.1100.0006.0	Grupo 5	Moeche, San Sadurniño, As Somozas	193.470,05 €
2025.1100.0007.0	Grupo 6	Ares, Fene, Mugardos, Neda	328.824,81 €
2025.1100.0008.0	Grupo 7	Cabañas, Miño, Paderne, Pontedeume	214.111,88 €
2025.1100.0009.0	Grupo 8	As Pontes, Irixoa, Monfero, Vilarmaior	337.291,84 €
2025.1100.0010.0	Grupo 9	Oleiros, Sada	449.512,71 €
2025.1100.0011.0	Grupo 10	Cambre, Bergondo, Betanzos	449.744,56 €
2025.1100.0012.0	Grupo 11	Abegondo, Carral, Oza-Cesuras	449.279,47 €
2025.1100.0013.0	Grupo 12	Aranga, Betanzos, Coirós Curtis, Oza-Cesuras	487.571,61 €
2025.1100.0014.0	Grupo 13A	Frades, Ordes, Oroso, O Pino	342.392,84 €
2025.1100.0015.0	Grupo 13B	Boimorto, Mesía, Vilasantar	300.188,88 €
2025.1100.0016.0	Grupo 14	Melide, Santiso, Sobrado, Toques	449.322,50 €
2025.1100.0017.0	Grupo 15	Arzúa, Boqueixón, O Pino, Touro	351.512,13 €
2025.1100.0018.0	Grupo 16	Arteixo, A Coruña, Culleredo	449.079,12 €
2025.1100.0019.0	Grupo 17	Carballo, Cerceda, Laracha	449.599,43 €
2025.1100.0020.0	Grupo 18	Cabana, Malpica, Ponteceso	367.316,41 €
2025.1100.0021.0	Grupo 19	Camariñas, Laxe, Muxía, Vimianzo	196.768,19 €
2025.1100.0022.0	Grupo 20	Cee, Corcubión, Dumbría, Mazaricos	207.599,18 €
2025.1100.0023.0	Grupo 21	Ames, A Baña, Negreira, Val do Dubra	337.233,53 €
2025.1100.0024.0	Grupo 22	Ordes, Santiago, Tordoia, Trazo, Val do Dubra	375.333,08 €
2025.1100.0025.0	Grupo 23	Mazaricos, Muros, Outes	444.319,78 €
2025.1100.0026.0	Grupo 24	Boiro, Lousame, Noia	341.047,85 €
2025.1100.0027.0	Grupo 25	Brión, Dodro, Padrón, Rois	330.481,86 €
2025.1100.0028.0	Grupo 26	Ames, Santiago, Teo, Vedra	330.525,27 €
2025.1100.0029.0	Grupo 27	Boiro, Rianxo	297.574,63 €
2025.1100.0030.0	Grupo 28	A Pobra, Porto do Son, Ribeira	465.125,60 €
2025.1100.0031.0	Grupo 34	DP 1914 Carballo a Portomouro	260.072,39 €
2025.1100.0032.0	Grupo 35	Coristanco, Santa Comba, Zas	341.777,31 €
2025.1100.0033.0	Grupo 36	DP 3404 de Serra de Outes a Dumbría	218.408,55 €
TOTAL			11.383.203,33 €

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da



Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

ACTUACIÓNS DE CONTROL

MOCIÓNS

1.Moción PP sobre as obrigas de rexistro documental e información das persoas físicas que exerzan hospedaxe

España recibiu o pasado ano 2023 máis de 85 millóns de turistas internacionais, o cal representou un 18,7% máis sobre o exercicio turístico de 2022 e un 1,9% por encima do ano prepandemia 2019. Segundo as últimas cifras publicadas por parte do INE, nos 10 primeiros meses de 2024 o número de turistas que visitaron España aumentou un 10,8%, rozando os 82,9 millóns de visitantes estranxeiros, prevéndose para o conxunto do ano 2024 unha cifra final de chegadas de ao redor de 95 millóns de visitantes estranxeiros cara ao noso país. Ao propio tempo, durante os 10 primeiros meses de 2024, o gasto total dos turistas internacionais aumentou un 16,8% sobre 2023 e alcanzou os 110.984 millóns de euros e as últimas estimacións calculan unha facturación superior aos 200.000 millóns de euros para o peche do ano turístico 2024, que podería elevar a achega da actividade turística ao PIB español en máis dun 13% directo máis o 8% indirecto, verdadeiro fito na serie histórica no suposto de confirmarse tales previsións.

Doutro lado, o sector turístico no noso país dá emprego a ao redor de 3 millóns de persoas só en postos de traballo directos vinculados ás diferentes ramas turísticas. A partir de datos publicados por Turespaña, o emprego turístico do terceiro trimestre de 2024 superou por primeira vez os 3 millóns de ocupados no sector (exactamente 3.019.064), o que supuxo un 2,3% respecto ao mesmo período de 2023.

Neste escenario e partindo dos indicadores anteriores, non cabe a menor dúbida de que unha vez deixados atrás os efectos da pandemia, España volveu a confirmarse como unha superpotencia turística mundial, o segundo país máis visitado de todo o mundo, por detrás de Francia (100 millóns). Neste sentido, para o ano 2040 os analistas anticipan que España sería o país receptor con maior número de turistas do mundo con 110 millóns de visitas, superando a Francia (105 millóns) e por diante tamén de Estados Unidos (100 millóns).

No medio desta conxuntura e sobre a base da destacada e insubstituíble participación e importancia da actividade turística dentro do modelo produtivo español e do mercado laboral, ante os serios riscos de poñer en perigo a favorable evolución do turismo hai que sinalar que o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou o pasado mércores 23 de outubro na súa práctica totalidade unha Proposición non de Lei a iniciativa do Grupo Popular Provincial, solicitando igualmente o apoio doutras formacións políticas, relativa á revisión e readecuación da normativa derivada do Real Decreto 933/2021, de 26 de outubro, polo que se establecen as obrigacións de rexistro documental e información das persoas físicas ou xurídicas que exercen actividades de hospedaxe e aluguer de vehículos a motor, mediante un proceso de diálogo e consenso previo co sector turístico español, instando entre outras medidas ao Goberno presidido por Pedro Sánchez a prolongar a suspensión da aplicación do mencionado Real Decreto, ata tanto en canto articuláse algún mecanismo cos operadores afectados que servise para redefinir e acordar o alcance das obrigacións impostas unilateralmente aos empresarios turísticos



por parte do Executivo central socialista.

Esta Moción foi ratificada polo Senado no Pleno celebrado o pasado 20 de novembro, aprobaba tamén a proposta do Grupo Parlamentario Popular, instando o Goberno a prolongar a suspensión da aplicación deste Real Decreto para elaborar un novo desenvolvemento normativo consensuado cos actores afectados polo mesmo, e á adopción de diversas medidas para mellorar a capacidade competitiva do sector turístico.

A pesar do rexeitamento tanto do Congreso dos Deputados como do Senado, o Goberno de Pedro Sánchez ignorou por completo ambos os pronunciamentos, descartando nin sequera considerar un novo período de prórroga para a entrada en vigor desta complexa e inasumible normativa (incluíndo a recompilación e o reporte de información de máis de 30 datos para reservas de aloxamento e ao redor de 60 para as correspondentes a alugueiro de vehículos), que lastra de cheo a operativa diaria de miles e miles de pequenas empresas da cadea de valor turística, poñendo en risco con iso o funcionamento dos fluxos turísticos, á vez que xerando serios interrogantes de índole xurídica en materia de protección de dereitos e privacidade de turistas e usuarios, tanto de carácter doméstico como internacionais.

Cabe lembrar a este respecto que por última vez o pasado venres 4 de outubro o Ministerio do Interior que dirixe o seu titular Fernando Grande-Marlaska sostiña unha reunión de traballo improductiva con representantes dos suxeitos obrigados, resultado da mesma non se lograron avances nin arrincaron compromisos desde o Goberno á hora de clarificar por fin as condicións de aplicación dunha normativa que desde a súa mesma aprobación no ano 2021 leva suscitando controversia social, unido a un enorme malestar entre os gremios profesionais afectados que non deixaron de expresar ao longo de todo este período a súa profunda inquietude e preocupación, considerando para empezar a imposibilidade operativa en termos da súa implantación práctica e contando desde un inicio co imprescindible apoio e soporte de organizacións tan representativas como a Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE) ou a Mesa do Turismo.

A este respecto, hai que traer a colación aquí que o primeiro día de aplicación obrigatoria da nova normativa o pasado 2 de decembro, tal como viñan advertindo desde hai tempo os nosos profesionais turísticos dos diferentes subsectores, a plataforma dixital SES.Hospedaxes habilitada por parte do Ministerio do Interior continuaba presentando múltiples deficiencias técnicas sen emendar, entorpecendo aínda máis a realidade operativa diaria dos negocios turísticos dos nosos destinos e acrecentando por tanto a incerteza empresarial.

Neste punto, conviría deixar constancia da posición mantida polos máximos responsables da Política Turística do Estado co Ministro Jordi Hereu e a Secretaria de Estado de Turismo á cabeza, que non souberon facer prevalecer ou directamente desentendéronse dunha problemática de enorme calado e repercusións sobre os intereses da segunda potencia turística mundial, que a partir de agora sitúase en clara desvantaxe competitiva fronte a outras potencias receptoras de turistas e lastrando por conseguinte a conta de resultados dun tecido produtivo turístico de moi reducida estrutura e medios.

Así as cousas e a partir da data sinalada anteriormente, de maneira unánime tanto a Confederación Española de Hoteis e Aloxamentos Turísticos (CEHAT), como a Confederación Española de Axencias de Viaxes (CEAV), ACAVE (Asociación Corporativa de Axencias de Viaxes Especializadas), UNAV (Unión Empresarial de Axencias de Viaxes) e FETAVE (Federación Empresarial de Asociacións Territoriais de Axencias de Viaxes Españolas) ou igualmente a Federación Nacional Empresarial de Alugueiro de Vehículos con e sen condutor (FENEVAL) continuaron alertando e facendo chamamentos á opinión pública, constatados os seus intentos infrutuosos á hora de atraer un mínimo nivel de comprensión ou racionalidade por parte do Goberno de España, que co máximo responsable de Interior á fronte, Grande-Marlaska persistiu no seu firme propósito de non atender nin estudar minimamente as reiteradas formulacións dun sector turístico que lle



veu demandando activar unha nova moratoria que resultase proveitosa para clarificar un novo escenario de traballo imposible de asumir desde o punto de vista operativo, xa sen entrar a valorar os riscos en materia de incumprimentos de normativas comunitarias que xera a aplicación do Real Decreto 933/2021, tal como atópase configurado a día de hoxe.

Por última vez, o pasado 26 de novembro a patronal hostaleira emitía un último comunicado anunciando a interposición de accións legais ante a entrada en vigor do Real Decreto sobre o novo Rexistro de Viaxeiros e a falta de respostas do Goberno, motivado polo impacto negativo que esta normativa supoñerá para o sector hostaleiro e os propios viaxeiros, sen deixar de denunciar que o Executivo de Pedro Sánchez ignorou totalmente todas as peticións de diálogo e aclaración, tanto de CEHAT como de diversas asociacións turísticas internacionais (HOTREC, ECTAA etc.)/ etc.), as cales apoiaron desde un inicio nas súas reivindicacións ás organizacións sectoriais españolas por entender que "esta regulación non ten precedentes noutros países da Unión Europea", dirixíndose por escrito ao Executivo español de maneira reiterada sen obter respostas. De feito, con motivo da entrada en vigor da normativa, as reaccións de diversos medios de comunicación internacionais do noso primeiro mercado emisor de turistas e de gasto (18,3% do total) cun desembolso acumulado superior aos 20.300 millóns de euros nos dez primeiros meses de 2024, -Reino Unido-, non se fixeron esperar facéndose eco, espertando un enorme rexeitamento e chamando mesmo á súa obstrución, danando como resultado a imaxe e percepción da marca turística España.

Tamén a patronal de alugueiro de vehículos FENEVAL, no marco da súa convención anual celebrada a finais de outubro pasado confirmaba a imposibilidade da maioría de pemes para facer fronte á entrada en vigor do Real Decreto 933/2021, "ao non atoparse o suficientemente desenvolvidas a nivel administrativo e tecnolóxico para cumprir coas esixencias" e cualificando así mesmo de "dispendio económico" o investimento tecnolóxico e económico que este proceso requiría.

Do mesmo xeito, a Confederación Española de Axencias de Viaxes (CEAV) deu a coñecer o pasado 2 de decembro unha carta aberta enviada aos Ministros de Interior e Industria e Turismo respectivamente, coincidindo coa data de entrada en vigor do Real Decreto de referencia, na cal expoñen que "O fin do período transitorio para a aplicación do disposto no RD 933/2021 enfronta ao sector das axencias de viaxes a unha situación nunca antes vivida; quedou demostrado, por parte do Goberno do que forman parte, un flagrante descoñecemento e un manifesto desinterese por paliarlo", deixando así mesmo constancia na misiva do "grave prexuízo que a obrigaón vai supoñer para un sector, o das axencias de viaxes e operadores turísticos, composto na súa maioría por pemes e micropemes, moitas delas sen capacidade de adaptación tecnolóxica e que tampouco poden asumir o alto custo operativo e administrativo que tería o cumprimento da norma".

En termos parecidos, FETAVE, ACAVe e UNAV continuaron denunciando ao longo deste último mes "a falta de resposta do Goberno de Sánchez que desatende o mandato da maioría do Congreso dos Deputados", e manifestan que "a posta en marcha do Real Decreto en cuestión supoñerá unha vulneración da protección de datos persoais e que a Orde Ministerial pendente non o corraxirá."

Neste punto, cabe lembrar aquí que o artigo 25 relativo ás obrigaóns de rexistro documental da Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, da cal emana este Real Decreto, non menciona nin ás axencias de viaxes nin aos operadores turísticos como posibles suxeitos obrigados á comunicación e rexistro de datos en favor da seguridade cidadá. Tamén as organizacións representativas sectoriais das axencias de viaxes deron a coñecer publicamente ao longo das últimas datas a súa predisposición para emprender accións legais, tras elevar xa este asunto tanto ao estudo da Comisión Europea onde se acha un expediente aberto, como á Axencia Española de Protección de Datos, que aínda non se pronunciaron.

Por todo iso, dado en primeiro lugar o profundo descoñecemento do funcionamento da



actividade turística por parte dos autores responsables do contido e alcance do Real Decreto 933/2021, así como engadido ao anterior, a falta de atención, flexibilidade e racionalidade demostradas polo Goberno encabezado por Pedro Sánchez para co primeiro sector produtivo contribuínte ao PIB español, considerando ademais os graves riscos en que se podería estar a incorrer en materia de colisión con normativas de protección de datos persoais de carácter extremadamente sensible, o Grupo Popular Provincial da Deputación da Coruña presenta a seguinte

PROPOSTA DE ACORDOS

PRIMEIRO.- A Corporación da Deputación da Coruña insta o Goberno de España á adopción das seguintes medidas:

1. Derrogar o Real Decreto 933/2021, do 26 de outubro, polo que se establecen as obrigacións de rexistro documental e información das persoas físicas ou xurídicas que exercen actividades de hospedaxe e alugueiro de vehículos de motor, tendo en conta do impacto extremadamente negativo que a súa implementación ocasiona á realidade operativa e funcional das empresas turísticas, así como en materia de afectación aos dereitos fundamentais de viaxeiros e consumidores nacionais e internacionais relacionados coa vulneración de normativas nacionais e europeas de protección de datos e privacidade, procedendo urxentemente a establecer unha canle de interlocución fluído e construtivo cos nosos operadores hostaleiros, de axencias de viaxes e de alugueiro de vehículos afectados.
2. Tras alcanzar unha solución consensuada e satisfactoria cos operadores afectados, ditar as normas precisas de desenvolvemento sobre as obrigacións de rexistro documental e información das persoas físicas ou xurídicas que exercen actividades de hospedaxe e alugueiro de vehículos de motor, facilitando en todo caso a aplicación dun marco proporcionado e equilibrado de obrigacións, ao propio tempo que achegando plenas garantías de seguridade xurídica a todos os actores da cadea de valor turística obrigados ao seu cumprimento.
3. Descartar absolutamente en diante calquera medida ou acción governamental lesiva, xeradora de duplicidades ou de carácter ineficiente ou tamén de inviable aplicación como no presente caso, que poida danar a actividade turística e atentar contra a intimidade e seguridade de turistas e clientes, traducíndose a continuación na práctica nunha perda das cotas de competitividade turística mundial dos nosos destinos, así como desembocando nunha situación de indefensión para operadores turísticos, viaxeiros internacionais e consumidores domésticos.

SEGUNDO.- Dar traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, ao Ministerio de Interior, ao Ministerio de Industria e Turismo e ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, aos Portavoces dos Grupos Políticos no Parlamento de Galicia e no Parlamento español, así como a Presidencia da FEGAMP e da FEMP.

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control e mocións. Hai unha primeira moción do Partido Popular sobre as obrigas de rexistro documental e información das persoas físicas que exerzan hospedaxe.

Ten a palabra o conde de Montecristo.

Sr. Martínez Carrillo

Bos días, presidente.

En primeiro lugar, agradecer aquí ao presidente e mais aos compañeiros deste plenario que á xente que somos de Val do Ulla nos permitan seguir disfrutando dunha longa tradición que é o Venres de Carnaval, de Entroido, pois vamos sempre dunha



maneira diferente. Por tanto, moitas grazas tamén ao meu portavoz, Evaristo, que tivo a puntería de encargarme a defensa desta moción o Venres de Entroido.

Sr. Presidente

Ese é un favor ou unha putada?, porque...

Sr. Martínez Carrillo

Non, non, está ben, está ben, iso está ben.

Bueno, esta é a moción para reverter as obrigacións de rexistro documental a información das persoas físicas ou xurídicas que exerzan hospedaxe ou aluguen vehículos de motor.

Bueno, como ben dicimos na exposición de motivos, España evidentemente é unha superpotencia turística, e o ano pasado, no ano 2024, foron 94 millóns de turistas estranxeiros os que visitaron o noso país, cun gasto, pois cunha estimación superior aos 200.000 millóns de euros, e que en calquera caso esta actividade turística supón un 13% do PIB español de forma directa e probablemente un 8 de forma indirecta, non? Quere dicir tamén en relación á importancia que ten para o emprego. Datos publicados por Turespaña, o emprego turístico o terceiro trimestre de 2024 superou por primeira vez os 3 millóns de ocupados no sector. Por tanto, como digo, España volve a confirmarse como unha superpotencia turística a nivel mundial, de feito, no ano 2024 foi o segundo país máis visitado, despois de Francia e por riba de Estados Unidos.

Bueno, pois no medio desta conxuntura, e sobre a base desta destacada e insubstituíble participación e importancia da actividade turística dentro do modelo produtivo español, o pasado 23 de outubro no Congreso dos Deputados aprobouse, na súa práctica totalidade, unha proposición non de lei a iniciativa do Grupo Popular relativa precisamente á revisión e erradicación desta normativa, mediante un proceso de diálogo e consenso previo co sector turístico español, instando, entre outras medidas, o Goberno a prolongar a suspensión da aplicación do mencionado real decreto ata tanto en canto non se articulase algún mecanismo cos operadores afectados que servise para redefinir e acordar toda esta normativa.

Esta moción foi tamén ratificada polo Senado no Pleno celebrado o pasado 20 de novembro, instando de novo o Goberno a prolongar esa suspensión e a un novo desenvolvemento normativo consensuado cos actores afectados polo mesmo.

Pois ben, o Goberno ignorou por completo ambos pronunciamentos, descartando nin sequera considerar un novo período de prórroga para a entrada en vigor desta complexa e inasumible normativa que xa todos coñecemos. Máis de 30 datos para a reserva de aloxamento ou máis de 60 para alugueiro de vehículos. Normativa que lastra de cheo a operativa diaria de miles e miles de pequenas empresas, poñendo en risco con iso o funcionamento dos fluxos turísticos.

Estamos ante unha normativa que dende a súa mesma aprobación, no ano 2021, leva suscitando controversia social, algo que se pode ver ao longo deste tempo nos medios de comunicación, unido a un enorme malestar entre os gremios profesionais afectados, que non deixaron de expresar ao longo de todo este período a súa profunda inquietude e preocupación, considerando, para empezar, a imposibilidade operativa en termos da súa implantación práctica e contando, ademais, con apoios como a CEOE ou a Mesa de Turismo.

A este respecto, hai que recordar que o pasado 2 de decembro cando entra en vigor, pois nese primeiro día, a plataforma dixital SES Hospedaxes, habilitada por parte do Ministerio do Interior, continuaba presentando múltiples deficiencias técnicas sen emendar, entorpecendo aínda máis a realidade operativa diaria dos negocios turísticos. En fin, así as cousas, de maneira unánime, tanto a Confederación Española de Hoteis e



Aloxamentos Turísticos, a Confederación Española de Axencias de Viaxes, a Asociación Corporativa de Axencias de Viaxes Especializadas, a Unión Empresarial de Axencias de Viaxes, a Federación Empresarial de Asociaciones Territoriales de Axencias de Viaxe Españolas, a Federación Nacional Empresarial de Alugueiro de Vehículos con ou sen Conductor continuaron alertando, facendo chamamentos á opinión pública, constatado que, dende o máximo responsable de Interior, persistía no seu firme propósito de non atender nin estudar minimamente as reiteradas formulacións dun sector turístico que lle veu demandando activar unha nova moratoria.

Todas estas patronais, asociacións, federacións, advertiron que isto supoñerá para o sector hostaleiro e os seus propios viaxeiros un problema de enormes magnitudes. De feito, ata incluso en Inglaterra, os medios de comunicación, en Inglaterra, que é o país que máis turistas estranxeiros prové a España, medios como *The Telegraph*, BBC, *The Herald*, *Daily Mail*, *The Mirror*, etc., falaban dun *big brother* turístico, dun *gran hermano* turístico español, prexudicando evidentemente, así, a predilección e a marca turística de España.

Parte destas patronais e confederacións, e vou utilizar palabras deles, non palabras do Partido Popular, de feito, a patronal de vehículos dixo, na súa convención anual de finais de outubro, que, confirmada a imposibilidade da maioría de pemes para facer fronte á entrada en vigor deste real decreto, ao non atoparse –cito textualmente– o suficientemente desenvolvidas a nivel administrativo e tecnolóxico para cumprir coas exigencias, cualificando ademais todo isto como un dispendio económico. Pero a Confederación Española de Axencias de Viaxes dixo textualmente que o fin do período transitorio para a aplicación do disposto no real decreto enfronta o sector das axencias de viaxes a unha situación nunca antes vivida. Quedou demostrado por parte do Goberno do que forman parte un flagrante descoñecemento e un manifesto desinterese por palialo, deixando, así mesmo –tamén de forma textual– que isto producía un grave prexuízo que a obrigación vai supoñer para un sector, o das axencias de viaxes e operadores turísticos, composto na súa maioría por pemes e micropemes, moitas delas sen capacidade de adaptación tecnolóxica –que isto é algo importante– e que tampouco poden asumir o alto custo operativo e administrativo que tería o cumprimento da norma. E inciden estas federacións en algo tamén importante: que a posta en marcha do real decreto en cuestión supoñerá unha vulneración da protección de datos persoais e que a orde ministerial pendente non o corraxirá.

Neste punto, si queremos lembrar que o artigo 25, relativo ás obrigacións de rexistro documental da Lei orgánica 4/2015, de protección da seguridade cidadá, da cal emana este real decreto, non menciona nin as axencias de viaxes nin os operadores turísticos como posibles suxeitos obrigados á comunicación e rexistro de datos en favor da seguridade cidadá.

Por todo isto –porque a exposición de motivos é moi longa e a ela en xeral me remito–, nós facemos a seguinte proposta de acordos, que é: en primeiro lugar, que a Corporación da Deputación da Coruña inste o Goberno de España á adopción das seguintes medidas, que son tres medidas:

Primeira, derrogar o Real decreto 933/2021, do 26 de outubro, polo que se establecen as obrigacións de rexistro documental e información das persoas físicas ou xurídicas que exercen actividades de hospedaxe e alugueiro de vehículos de motor, tendo en conta o impacto extremadamente negativo que a súa implementación ocasiona á realidade operativa e funcional das empresas turísticas, así como en materia de afectación aos dereitos fundamentais de viaxeiros e consumidores nacionais e internacionais relacionados coa vulneración das normativas nacionais e europeas de protección de datos e privacidade, procedendo urxentemente a establecer unha canle de interlocución fluída e construtiva cos nosos operadores hostaleiros de axencias de viaxes



e de alugueiro de vehículos afectados.

En segundo lugar, tras alcanzar unha solución consensuada e satisfactoria cos operadores afectados, ditar as normas precisas de desenvolvemento sobre as obrigacións de rexistro documental e información das persoas físicas ou xurídicas que exercen actividades de hospedaxe e alugueiro de vehículos de motor, facilitando en todo caso a aplicación dun marco proporcionado e equilibrado de obrigacións, ao propio tempo que achegando plenas garantías de seguridade xurídica a todos os actores da cadea de valor turística obrigados ao seu cumprimento.

En terceiro lugar, descartar absolutamente en diante calquera medida ou opción gobernamental lesiva xeradora de duplicidades ou de carácter ineficiente ou tamén de inviable aplicación, como no presente caso, que poida danar a actividade turística e atentar contra a intimidade e seguridade de turistas e clientes, traducíndose a continuación na práctica nunha perda das cotas de competitividade turística mundial dos nosos destinos, así como desembocando nunha situación de indefensión para operadores turísticos, viaxeiros internacionais e consumidores domésticos.

E, por último, un segundo punto, que é dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, ao Ministerio do Interior, ao Ministerio de Industria e Turismo e ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, tamén aos portavoces dos grupos políticos no Parlamento de Galicia e no Parlamento español, así como á Presidencia da FEGAMP e da FEMP.

Esperando contar co apoio de todo este plenario, remata aquí a miña intervención.

Sra. Veira González

Si, por motivos obvios, vou intentar ser sintética na nosa explicación e desde o BNG imos votar a favor desta moción por motivos algo distintos aos que expón o Partido Popular na súa exposición de motivos e que expuxo agora mesmo o deputado, porque para nós o principal, non é tanto a carga que supón sobre os operadores turísticos esta normativa, senón porque cremos que vulnera directamente os dereitos básicos das persoas, o dereito á intimidade persoal e familiar, á liberdade de movementos e á presunción de inocencia.

Pero vostedes, como Partido Popular, non poden ocultar, agochar ou manipular que esta normativa, este real decreto o que fai é desenvolver o artigo 25.1 da Lei de seguridade cidadá, que é a lei mordaza que aprobaron vostedes, e desenvólveo porque precisamente ese artigo da lei mordaza fala de que as empresas destinadas a alugamento de vehículos de motor e tamén de hospedaxe teñen ese deber que recolle o real decreto. Nós, como BNG, xa nos temos manifestado en moitísimas ocasións en contra desa lei mordaza e a favor da súa derogación, non vou entrar en concreto a desenvolver isto, pero si que é certo que este real decreto afonda nesas cuestións que nós consideramos que son prexuízosas, que son danosas á liberdade das persoas. Nós o que cremos é que este real decreto lei é un abuso, porque ao que obriga é a recolectar, a recoller, a rexistrar unha serie de datos que van moito máis aló do que se podería considerar necesario por cuestións de seguridade e ademais obriga os operadores turísticos e as persoas que se dedican ao alugamento de vehículos a trasladalos con carácter previo ao Ministerio de Seguridade, e nós cremos que isto contravén o principio de presunción de inocencia. Parece que se presume, efectivamente, que esas persoas poden cometer un delito, ou non se sabe moi ben que, pero desde logo parece que é un pouco abusivo, independentemente de que se poidan recoller eses datos para outros fins ou para, incluso, en caso de que aconteza algunha desgraza, se poidan necesitar, iso tería que ser, en todo caso, *a posteriori*, non *a priori*, que é o que establece o real decreto e é o que nós vemos que non se debería facer e contra o que nós estamos. Insisto en



que, como estamos a favor da derogación da lei mordaza e cremos que este artigo é un dos artigos que vulnera en moitos casos o dereito das persoas a moverse libremente, como dicía, a súa intimidade, desde o BNG imos votar a favor. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. A verdade é que non me quedou claro cal é o problema, porque escoitei reflexións de ámbito xeral, pero non cuestións concretas, sobre todo tendo en conta que a maioría dos datos que establece esta nova regulación que teñen que recoller os distintos operadores e facilitar ao Ministerio xa o están a facer na actualidade. Hai algunha novidade; por exemplo, que aquelas persoas que se hospeden con menores teñan que acreditar a súa relación de parentesco. Isto vén dado porque o 42% dos delitos sexuais que se cometeron en España no ano 23, e unha porcentaxe moi similar no ano 24, foron a menores de idade.

Hai distintos... Se entran vostedes en Google e meten no buscador “delitos sexuais a menores” e aparecerán infinidade de titulares entre algúns dos que vou ler agora, como “los escenarios del horror de la trama de prostitución de menores en Murcia: pensiones, hoteles y balnearios”. E hai outro máis aquí que fala: “A prisión tras hacer fotos íntimas de dos niñas en el hotel donde pasaban el fin de semana”. Loxicamente, isto non é achacable ao sector, pero é verdade que unha elevada porcentaxe dos delitos sexuais cometidos contra menores se realizan en locais de hotelería, por unha cuestión que é de pura lóxica, e a discreción que pode ter así ese corruptor. De aí nace en gran medida, ademais de dar cumprimento ao Acordo Schengen, ao seu artigo creo que é 45, un acordo do ano 85, que establece que se adopten estas medidas por parte dos Estados asinantes, pois isto que acabo de comentar estaría detrás.

É verdade que xa sabemos que ao Partido Popular o tema do rexistro non lles gusta. Aínda non hai moito facían moitas gracieta e coñas co tema do rexistro das galiñas e agora temos un problema de saúde a nivel mundial recoñecido pola ONU. Sen ir máis lonxe, Estados Unidos acaba de sacrificar non me acordo do número de millóns de aves, cando parecía que, hai uns meses, o Partido Popular tomaba un pouco a broma esa situación. Pero, en todo caso, repito, non sei cal é o problema. Digo, o que se vén, sobre todo, implementar a maiores é, como acabo de comentar, xustificar o grao de parentesco se viaxas con menores. Penso que ningún dos que estamos aquí, que temos fillas e fillos, teremos ningún tipo de problema en facer iso cando nos vamos a facer *check-in* nun establecemento de hostelería, deberán ademais –cosa que non se facía– precisar o medio de pago e identificar se se realiza mediante tarxeta de crédito ou transferencia, plataforma dixital ou en efectivo, algo que penso que para calquera persoa que sexa honesta e honrada non terá ningún tipo de problema, e a maiores establece o rexistro de vehículos de motor, porque o que existe de 1974 está totalmente obsoleto, por cuestións que todos e todas entenderemos que son obvias.

Bueno, pois eses son os tres piares nos que se incrementa ese suposto volume de traballo que vai afogar o sector turístico. Ademais, é verdade que hai certa contradición: por unha parte pídese unha prórroga e por outra parte pídese que se derroque. Vamos ver, se é malísimo haberá que derrogalo, nin prórroga nin nada. Pero é que xa houbo unha prórroga para que o sector se puidera adaptar a algo que tampouco ten tanta complexidade. Son milleiros xa de establecementos os que están adheridos a esa plataforma e os que foron incorporando esa información ao longo dos últimos meses na súa entrada en vigor sen ningún tipo de problema. Por tanto, todos teremos que facer un esforzo para redundar nunha maior seguridade, sobre todo, como acabo de dicir, nun tema tan sensible como o da explotación de menores ou a corrupción de menores ou como queiramos cualificalo. Por tanto, digo que me gustaría que se me explique con cuestións concretas por que se está en contra, porque se di que isto incumpre a lei de protección de datos. Non é verdade. Tanto a Axencia Española de Protección de Datos



como o Consello de Estado avalan esta regulación. Polo tanto, ese argumento xa queda totalmente excluído do debate, porque quen ten que acreditar se se respecta ou non o establecido na lei de protección de datos di que si que se respecta. Outra cousa é que non nos guste que os nosos datos persoais e se esa persoa é o meu fillo ou non é o meu fillo, aquilo que se pide para un vehículo estea nunha empresa, pero loxicamente esa empresa está obrigada, como o resto de empresas, a xestionar eses datos conforme o establecido na lexislación vixente. Polo tanto, repito, gustaríame, se vai haber réplica, que alguén me indique cales son os aspectos concretos que non comparte deste regulamento e se algún dos que acabo de citar, como de explicar ou acreditar se o menor co que viaxas tes algún grao de parentesco con el ou non, a cuestión relacionada co sistema de pago ou co rexistro de vehículos pois non son compartidos polos grupos que estamos nesta Corporación.

Nada máis e moitas grazas, e simplemente engadir tamén que é verdade que o rexistro actual é do ano 59. Loxicamente, había que actualizalo, entre eles porque hai moitas modalidades de establecementos turísticos que non estaban recollidas, entre elas os pisos turísticos, etc., que sabemos que están tan de moda nos últimos tempos e que xeran certa controversia, como todos e todas sabemos, e algúns problemas incluso nalgúns municipios ou en moitos municipios. Polo tanto, repito, non entendo cal é o problema, máis alá de que poida haber quen non queira porque lle poida supoñer unha sobrecarga de traballo, cousa que entendo que a seguridade debería de primar por enriba desa cuestión. E no caso do Bloque Nacionalista Galego, en canto aos dereitos fundamentais e ao tratamento dos datos, nós, desde logo, non compartimos esa visión, sobre todo se a proposta redunda nunha maior seguridade e máis, como acabo de dicir e repetín en varias ocasións, no que se refire aos menores. Nada máis moitas grazas.

Sr. Martínez Carrillo

Bueno, en primeiro lugar aínda que teñamos discrepancias en certas cuestións, agradecerlle ao BNG o seu voto a favor. En canto ao PSOE, nós estamos tamén de acordo en que a seguridade é primordial. Non temos ningunha dúbida diso. O que me xera dúbidas é que vostede diga que isto parece que non lle preocupa moito á xente, ao sector; mire, cando todo o sector, todo o sector, o grande, o pequeno, o mediano, o de arriba, o de abaixo, todo o sector se pronuncia en contra. Nós non estamos, ademais non estamos dicindo que vostedes negocien co PP, non, non; séntense cos operadores turísticos, que lles están reclamando, de acordo?, paralicen ese decreto e cheguen a un acordo, porque probablemente se poida, seguramente se poida chegar, con moitos menos datos, a cumprir ese criterio de seguridade. Tamén existe unha necesidade de infraestruturas e formación tecnolóxica importante que non se perda competitividade e de acordo tamén, como di o BNG, vostede di que non vulnera e a normativa relativa á protección de datos e inviolabilidade da intimidade. Home, nós temos dúbidas, serias dúbidas de que non se vulnere a normativa europea, que ademais é o único país de Europa que pedimos semellante cantidade de datos, o único, o único. Oe, ao mellor é que estamos nós equivocados, non o resto de Europa.

En calquera caso, vostede fala de que datos concretos, etc. Mire, a min si que me preocupa, cando eu repaso o que pide o anexo que, ollo, que é importante que ademais todos estes datos se nos obriga, ou se lles obriga, á parte de facelo por rexistros electrónicos e transaccións telemáticas, a comunicar en prazo de 24 horas, que é outra cuestión tamén importante a ter en conta. Pero, fíxese, hai datos da empresa arrendadora, perfecto. Estes son datos a facilitar segundo o anexo no suposto de exercicio profesional de actividade, neste caso actividade de hospedaxe. Á parte dos datos da empresa arrendadora, un montón de datos, incluída a URL para identificar o anuncio, os datos do establecemento, tamén unha serie de datos; e, nos datos do viaxeiro, á parte dos tradicionais, un montón de datos, pero lugar de residencia habitual, dirección completa, localidade, país, teléfono fixo, teléfono móbil, correo electrónico, e



efectivamente esa relación de parentesco en caso de que haxa menores de idade, que nós podemos entender que pode ser importante polo tema da seguridade. Pero datos da transacción, non é só datos do pago, datos do contrato, datos de execución do contrato, datos do inmovible, e nos datos de pago, que aquí vén outra gran dificultade, tipo, efectivamente efectivo, tarxeta de crédito, plataforma, identificación do medio pago, tipo de tarxeta, número o IBAN de conta, IBAN, titular do medio pago, fecha de caducidade da tarxeta, fecha de pago, etc., etc. E isto ademais ten a dificultade, no tema dos pagos, de que moitas veces estes datos non os teñen estes axentes operadores, porque están noutros intermediarios. Pensemos, eu mañá fago a través de Booking, por exemplo, unha reserva e vou a un determinado hotel, co cal non digamos que o sector non está preocupado; todo o sector non digamos que pode haber dúbidas e hai dúbidas da legalidade e non digamos que non afecta gravemente ao sector, e creo que con menos carga burocrática e con menos datos se pode conseguir o mesmo criterio de seguridade.

Sr. García Seoane

Explicar o meu voto?, eu vou votar a favor desta moción, porque me parece que estamos cada vez máis... isto parece xa unha checa. Sabedes o que é unha checa? Pois parécese a unha checa que se facía nos países do leste coas persoas. Non quedaba nada sen escrutar da vida desa persoa para facer mal, claro. E mal é o que se fai tamén con todos estes datos, porque din: protección de datos, protección de datos que logo os vende todo Dios. Hai un negocio montado na protección de datos escandaloso. E onde están os que teñen que aplicar as leis?, non as aplican. Logo estamos falando de hostalería, quen controla as vivendas mal chamadas turísticas? Ni Dios; eu se vou a un hotel teño que explicar toda a miña vida, pero se vou a unha casa turística e vou facer o que me dá a gana, aí non llo explico a ninguén, ou a vender droga ou vou a prostitución, ou ao que sexa e non pasa nada, porque isto está aí, esa é unha realidade. Estamos falando de que hai en Galicia neste momento miles de vivendas turísticas que non controla ni Dios, nin hai interese en controlalo, porque hai que ter contenta a xente, que vaia gañando un dinerito e así non me molesta. É unha vergoña, realmente todas estas cousas son tremendas. Por tanto, falaba, eu digo así, falaba o compañeiro do PSOE, paréceme que era, de que en Estados Unidos os polos, ben é que Estados Unidos está quedando sen huevos ao ritmo que vai, ao ritmo que vai está quedando sen huevos coas galiñas e máis con todo o que vai, porque llos van colgar aquí como siga atacando o mundo da forma que o está facendo. Sen máis, non ten nada que ver Estados Unidos con isto pero, como tocou o tema dos polos, pois falamos dos huevos, onte dicían que non tiñan huevos en Estados Unidos. Pero ben, falcatruáns hai moitos e este é un deles.

Eu opóñome rotundamente a que se controle a vida dos cidadáns. A miña xa non a poden controlar, que eu non teño nin tarxetas de crédito, nin teño teléfono móbil, ni la madre que los parió a todos juntos. Pois non poderei viaxar, claro, vou ter un problema, vou ter que ir a esas casas de alugueiro clandestinas. Pero é tremendo, é tremendo. Pois nada máis.

Sra. Veira González

Por aclarar rapidamente, a cuestión está, e o que nos leva a nós a votar a favor desta emenda e a estar en contra deste real decreto é que se obrigue os operadores turísticos a enviar esta información con carácter previo ao Ministerio do Interior e ás autoridades en seguridade cidadá. Esta é a cuestión, esta é a cuestión fundamental, vale? E a min paréceme bastante lamentábel que se utilice o abuso de menores, o abuso sexual a menores e a corrupción de menores no debate desta moción porque, se un analiza os datos dos abusos sexuais a menores, o 75% dos abusos sexuais a menores prodúcense por parte da contorna habitual dos menores e das menores e do seu contorno, da súa contorna familiar. Non ten nada que ver este real decreto con isto, absolutamente nada que ver; o 75%, e do total das agresións sexuais o 65% repítense de



maneira cotiá. Non teñen nada que ver con algo que pase nun hotel puntualmente. Polo tanto, eu creo que había que retirar este asunto do debate desta moción. Pido, por favor, porque nin se axusta aos obxectivos do real decreto nin ten absolutamente nada que ver, e as cifras sobre o abuso sexual a menores revelan que non ten absolutamente nada que ver. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, empezando polo último, si que ten que ver, independentemente de que á señora do BNG non lle guste. O Ministerio, cando saca este regulamento, si que ten que ver, e ten que ver por esa obriga a que ti expliques cal é a relación de parentesco que tes con ese menor que vai contigo ao hotel. Paréceme moi ben que o 75% sexa nun determinado ámbito, pero hai un 25% que son noutro ámbito, e o ámbito non ten que ver nada co lugar. Outra cousa é a relación que ti poidas ter co abusador dentro dun ámbito concreto e outra cuestión é onde se produce o abuso. Que pode haber unha porcentaxe máis elevada que non sexa, loxicamente ninguén dixo que a maioría dos abusos sucede na hotelería, pero unha porcentaxe moi elevada, cando non hai relacións de parentesco si, e iso é o que motiva, entre outras medidas e entre outras cuestións, a aprobación deste regulamento. Podemos obviar, pero aquí ninguén está utilizando unha cuestión que non teña que ver co que estamos a debater, guste máis ou guste menos. Dito o cal, o problema é, segundo di a señora Avia para o BNG, que isto teña que facerse de forma previa. Non entendo cal é o problema, porque a maioría de nós, cando imos de viaxe, reservámola con antelación, a través dunha plataforma, como algunha que se acaba de citar por aí, ou chamando directamente ao establecemento. Pouca xente chega a un hotel sen ningún tipo de reserva e colle unha habitación cando vai de viaxe, moi pouca. Polo tanto, non entendo cal é o problema, dende o punto de vista da liberdade das persoas ou do respecto á súa intimidade, en que eses datos se trasladen con anterioridade.

Dicía o representante do Partido Popular, entre os datos que citou que se piden, cal é o problema?, é dicir, os datos que se piden son: nome e apelidos, sexo, DNI, nacionalidade, data de nacemento, lugar de residencia habitual, teléfono fixo, teléfono móbil, correo electrónico, cantos están viaxando e a relación de parentesco. E que problema ten isto?, que lle leva, tres días meter eses datos? E chámame a atención que diga: e no método de pago ten que dicir se é a través dunha plataforma, que número de tarxeta, cando caduca, quen é o titular. Pois, home, os mesmos datos que para comprar unha camisa de Zara *online*, que vende millóns de euros nas plataformas de venda *online* e todos metemos eses datos da nosa tarxeta, para coller un billete de avión, para comprar roupa, para comprar en Amazon, en calquera das que queiramos temos que meter o nome do titular da tarxeta, o número de tarxeta, a data da súa caducidade, pero resulta que iso agora debe de ser un esforzo exponencial para calquera cidadán. E ademais hai unha cousa que di que non é verdade: nosoutros temos dúbidas de que iso non cumpra. Paréceme moi ben, vostedes poden dubidar o que queiran, pero quen ten que decidir se hai dúbidas ou non, ou se se cumpre sobre todo ou non coa lexislación vixente en materia de protección de datos, que é a Axencia Española de Protección de Datos e que é o Consello de Estado, din que cumpre. Por tanto, claro, vostede pode dubidar incluso de que a auga molle, pero hai un feito constatable e empírico que di que si. Bueno, pois neste caso é igual. Sobre todo en aplicacións de cuestións xurídicas ás dúbidas do Partido Popular é verdade que non adoitan ter moito acerto. Basta con lembrar todos os recursos de constitucionalidade a todas as leis aprobadas por distintos gobernos do Partido Socialista que vostedes presentaron e que todos eles foron tombados polo Tribunal Constitucional; por tanto, a verdade é que non me vai preocupar moito o feito de que a interpretación xurídica do Partido Popular a este respecto non concorde coa que fan os estamentos que si teñen que poñela en vigor.

Despois, falamos de viaxar, algún dos que estamos aquí algún viaxaría a Estados Unidos algunha vez. Alguén deixou de viaxar a Estados Unidos por todos os requisitos



que hai para entrar, que son bastante máis complexos dos que temos aquí; xa non falemos de entrar nun aeroporto. É dicir, practicamente hai que denudarse e ninguén pon ningún problema nin deixa de viaxar. A cuestión é xerar novamente máis unha bola de neve onde creo que efectivamente que non hai. E ademais din vostedes que non se *consensuou* co sector; non é verdade, é dicir, eu teño aquí dous titulares, un deles: “El sector turístico logra establecer una vía de colaboración con Interior”, isto é do mes de outubro do ano pasado. “Los hoteleros ven avances con el registro, pero las agencias son más críticas”. Polo tanto, non é verdade que non se teña escoitado o sector, non sei de onde sacan vostedes ese dato, pero dende logo non se corresponde co que o propio sector di nos medios de comunicación, e estou a falar dalgún deles que é unha páxina web da hostalería, non falo dun medio de comunicación que alguén poida trampear, de hotelaría, unha páxina web onde está o sector incluído, que di o que di. Polo tanto, eu repito, e dígoo con toda honestidade, non por unha cuestión de defender unha medida do meu partido, que saben que cando non as compartimos non as defendemos. Non lle vexo o problema nin a gravidade a isto do que estamos a falar, máis alá de que loxicamente os motivos para votar a favor son totalmente distintos entre o que fai o grupo propoñente e o que fai o Bloque Nacionalista Galego, que non ten nada que ver unha cousa coa outra. E o que di Gelo, que as vivendas turísticas, Gelo, si que están incluídas neste regulamento; tamén están obrigados os apartamentos turísticos, todo ese tipo de tipoloxía, valla a redundancia, de establecementos hoteleiros e turísticos tamén están obrigados ao cumprimento desta norma. Nada mais e moitas grazas.

Sr. Martínez Carrillo

Para rematar, porque eu creo que a exposición de motivos de todo está clara e está a nosa argumentación. Simplemente ao portavoz do Partido Socialista dicirlle, mire, realmente eu reviso o anexo 1, o que é a normativa, e pide máis datos do que vostede di aí. Pide máis datos dos que vostede di aí, e estou falando da normativa directamente, que a teño aquí.

Despois, quedame claro que ao Partido Socialista, ou neste caso ao seu portavoz, lle parece normal todos estes datos, e paréceme moi ben, é lexítimo. A nós parécenos exaxerada. Simplemente, oe, hai unhas discrepancias e xa está.

E, por último, fala vostede da normativa de vulnerabilidade, e que a Axencia Española de Protección de Datos xa informou. Bueno, xa veremos o que di, porque, segundo me consta, Europa aínda ten algo que dicir disto ou, cando menos, algunhas das federacións acudiron a Europa e veremos o que di Europa en canto á vulneración da normativa e execución coa normativa europea. Nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 21 deputados/as (14 do PP, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 10 deputados/as (PSOE)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción PP sobre as obrigas de rexistro documental e información das persoas físicas que exerzan hospedaxe

España recibiu o pasado ano 2023 máis de 85 millóns de turistas internacionais, o cal representou un 18,7% máis sobre o exercicio turístico de 2022 e un 1,9% por encima do ano prepandemia 2019. Segundo as últimas cifras publicadas por parte do INE, nos 10 primeiros meses de 2024 o número de turistas que visitaron España aumentou un 10,8%,



rozando os 82,9 millóns de visitantes estranxeiros, prevéndose para o conxunto do ano 2024 unha cifra final de chegadas de ao redor de 95 millóns de visitantes estranxeiros cara ao noso país. Ao propio tempo, durante os 10 primeiros meses de 2024, o gasto total dos turistas internacionais aumentou un 16,8% sobre 2023 e alcanzou os 110.984 millóns de euros e as últimas estimacións calculan unha facturación superior aos 200.000 millóns de euros para o peche do ano turístico 2024, que podería elevar a achega da actividade turística ao PIB español en máis dun 13% directo máis o 8% indirecto, verdadeiro fito na serie histórica no suposto de confirmarse tales previsións.

Doutro lado, o sector turístico no noso país dá emprego a ao redor de 3 millóns de persoas só en postos de traballo directos vinculados ás diferentes ramas turísticas. A partir de datos publicados por Turespaña, o emprego turístico do terceiro trimestre de 2024 superou por primeira vez os 3 millóns de ocupados no sector (exactamente 3.019.064), o que supuxo un 2,3% respecto ao mesmo período de 2023.

Neste escenario e partindo dos indicadores anteriores, non cabe a menor dúbida de que unha vez deixados atrás os efectos da pandemia, España volveu a confirmarse como unha superpotencia turística mundial, o segundo país máis visitado de todo o mundo, por detrás de Francia (100 millóns). Neste sentido, para o ano 2040 os analistas anticipan que España sería o país receptor con maior número de turistas do mundo con 110 millóns de visitas, superando a Francia (105 millóns) e por diante tamén de Estados Unidos (100 millóns).

No medio desta conxuntura e sobre a base da destacada e insubstituíble participación e importancia da actividade turística dentro do modelo produtivo español e do mercado laboral, ante os serios riscos de poñer en perigo a favorable evolución do turismo hai que sinalar que o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou o pasado mércores 23 de outubro na súa práctica totalidade unha Proposición non de Lei a iniciativa do Grupo Popular Provincial, solicitando igualmente o apoio doutras formacións políticas, relativa á revisión e readecuación da normativa derivada do Real Decreto 933/2021, de 26 de outubro, polo que se establecen as obrigacións de rexistro documental e información das persoas físicas ou xurídicas que exercen actividades de hospedaxe e aluguer de vehículos a motor, mediante un proceso de diálogo e consenso previo co sector turístico español, instando entre outras medidas ao Goberno presidido por Pedro Sánchez a prolongar a suspensión da aplicación do mencionado Real Decreto, ata tanto en canto articuláse algún mecanismo cos operadores afectados que servise para redefinir e acordar o alcance das obrigacións impostas unilateralmente aos empresarios turísticos por parte do Executivo central socialista.

Esta Moción foi ratificada polo Senado no Pleno celebrado o pasado 20 de novembro, aprobaba tamén a proposta do Grupo Parlamentario Popular, instando o Goberno a prolongar a suspensión da aplicación deste Real Decreto para elaborar un novo desenvolvemento normativo consensuado cos actores afectados polo mesmo, e á adopción de diversas medidas para mellorar a capacidade competitiva do sector turístico.

A pesar do rexeitamento tanto do Congreso dos Deputados como do Senado, o Goberno de Pedro Sánchez ignorou por completo ambos os pronunciamentos, descartando nin sequera considerar un novo período de prórroga para a entrada en vigor desta complexa e inasumible normativa (incluíndo a recompilación e o reporte de información de máis de 30 datos para reservas de aloxamento e ao redor de 60 para as correspondentes a alugueiro de vehículos), que lastra de cheo a operativa diaria de miles e miles de pequenas empresas da cadea de valor turística, poñendo en risco con iso o funcionamento dos fluxos turísticos, á vez que xerando serios interrogantes de índole xurídica en materia de protección de dereitos e privacidade de turistas e usuarios, tanto de carácter doméstico como internacionais.

Cabe lembrar a este respecto que por última vez o pasado venres 4 de outubro o Ministerio do Interior que dirixe o seu titular Fernando Grande-Marlaska sostiña unha



reunión de traballo improductiva con representantes dos suxeitos obrigados, resultado da mesma non se lograron avances nin arrincaron compromisos desde o Goberno á hora de clarificar por fin as condicións de aplicación dunha normativa que desde a súa mesma aprobación no ano 2021 leva suscitando controversia social, unido a un enorme malestar entre os gremios profesionais afectados que non deixaron de expresar ao longo de todo este período a súa profunda inquietude e preocupación, considerando para empezar a imposibilidade operativa en termos da súa implantación práctica e contando desde un inicio co imprescindible apoio e soporte de organizacións tan representativas como a Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE) ou a Mesa do Turismo.

A este respecto, hai que traer a colación aquí que o primeiro día de aplicación obrigatoria da nova normativa o pasado 2 de decembro, tal como viñan advertindo desde hai tempo os nosos profesionais turísticos dos diferentes subsectores, a plataforma dixital SES.Hospedaxes habilitada por parte do Ministerio do Interior continuaba presentando múltiples deficiencias técnicas sen emendar, entorpecendo aínda máis a realidade operativa diaria dos negocios turísticos dos nosos destinos e acrecentando por tanto a incerteza empresarial.

Neste punto, conviría deixar constancia da posición mantida polos máximos responsables da Política Turística do Estado co Ministro Jordi Hereu e a Secretaria de Estado de Turismo á cabeza, que non souberon facer prevalecer ou directamente desentendéronse dunha problemática de enorme calado e repercusións sobre os intereses da segunda potencia turística mundial, que a partir de agora sitúase en clara desvantaxe competitiva fronte a outras potencias receptoras de turistas e lastrando por conseguinte a conta de resultados dun tecido produtivo turístico de moi reducida estrutura e medios.

Así as cousas e a partir da data sinalada anteriormente, de maneira unánime tanto a Confederación Española de Hoteis e Aloxamentos Turísticos (CEHAT), como a Confederación Española de Axencias de Viaxes (CEAV), ACAVE (Asociación Corporativa de Axencias de Viaxes Especializadas), UNAV (Unión Empresarial de Axencias de Viaxes) e FETAVE (Federación Empresarial de Asociacións Territoriais de Axencias de Viaxes Españolas) ou igualmente a Federación Nacional Empresarial de Alugueiro de Vehículos con e sen condutor (FENEVAL) continuaron alertando e facendo chamamentos á opinión pública, constatados os seus intentos infrutuosos á hora de atraer un mínimo nivel de comprensión ou racionalidade por parte do Goberno de España, que co máximo responsable de Interior á fronte, Grande-Marlaska persistiu no seu firme propósito de non atender nin estudar minimamente as reiteradas formulacións dun sector turístico que lle veu demandando activar unha nova moratoria que resultase proveitosa para clarificar un novo escenario de traballo imposible de asumir desde o punto de vista operativo, xa sen entrar a valorar os riscos en materia de incumprimentos de normativas comunitarias que xera a aplicación do Real Decreto 933/2021, tal como atópase configurado a día de hoxe.

Por última vez, o pasado 26 de novembro a patronal hostaleira emitía un último comunicado anunciando a interposición de accións legais ante a entrada en vigor do Real Decreto sobre o novo Rexistro de Viaxeiros e a falta de respostas do Goberno, motivado polo impacto negativo que esta normativa supoñerá para o sector hostaleiro e os propios viaxeiros, sen deixar de denunciar que o Executivo de Pedro Sánchez ignorou totalmente todas as peticións de diálogo e aclaración, tanto de CEHAT como de diversas asociacións turísticas internacionais (HOTREC, ECTAA etc.)/ etc.), as cales apoiaron desde un inicio nas súas reivindicacións ás organizacións sectoriais españolas por entender que "esta regulación non ten precedentes noutros países da Unión Europea", dirixíndose por escrito ao Executivo español de maneira reiterada sen obter respostas. De feito, con motivo da entrada en vigor da normativa, as reaccións de diversos medios de comunicación internacionais do noso primeiro mercado emisor de turistas e de gasto (18,3% do total) cun desembolso acumulado superior aos 20.300 millóns de euros nos dez primeiros meses de 2024, -Reino Unido-, non se fixeron esperar facéndose eco,



espertando un enorme rexeitamento e chamando mesmo á súa obstrución, danando como resultado a imaxe e percepción da marca turística España.

Tamén a patronal de alugueiro de vehículos FENEVAL, no marco da súa convención anual celebrada a finais de outubro pasado confirmaba a imposibilidade da maioría de pemes para facer fronte á entrada en vigor do Real Decreto 933/2021, "ao non atoparse o suficientemente desenvolvidas a nivel administrativo e tecnolóxico para cumprir coas esixencias" e cualificando así mesmo de "dispendio económico" o investimento tecnolóxico e económico que este proceso requiría.

Do mesmo xeito, a Confederación Española de Axencias de Viaxes (CEAV) deu a coñecer o pasado 2 de decembro unha carta aberta enviada aos Ministros de Interior e Industria e Turismo respectivamente, coincidindo coa data de entrada en vigor do Real Decreto de referencia, na cal expoñen que "O fin do período transitorio para a aplicación do disposto no RD 933/2021 enfronta ao sector das axencias de viaxes a unha situación nunca antes vivida; quedou demostrado, por parte do Goberno do que forman parte, un flagrante descoñecemento e un manifesto desinterese por paliarlo", deixando así mesmo constancia na misiva do "grave prexuízo que a obrigación vai supoñer para un sector, o das axencias de viaxes e operadores turísticos, composto na súa maioría por pemes e micropemes, moitas delas sen capacidade de adaptación tecnolóxica e que tampouco poden asumir o alto custo operativo e administrativo que tería o cumprimento da norma".

En termos parecidos, FETAVE, ACAVE e UNAV continuaron denunciando ao longo deste último mes "a falta de resposta do Goberno de Sánchez que desatende o mandato da maioría do Congreso dos Deputados", e manifestan que "a posta en marcha do Real Decreto en cuestión supoñerá unha vulneración da protección de datos persoais e que a Orde Ministerial pendente non o corraxirá."

Neste punto, cabe lembrar aquí que o artigo 25 relativo ás obrigacións de rexistro documental da Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, da cal emana este Real Decreto, non menciona nin ás axencias de viaxes nin aos operadores turísticos como posibles suxeitos obrigados á comunicación e rexistro de datos en favor da seguridade cidadá. Tamén as organizacións representativas sectoriais das axencias de viaxes deron a coñecer publicamente ao longo das últimas datas a súa predisposición para emprender accións legais, tras elevar xa este asunto tanto ao estudo da Comisión Europea onde se acha un expediente aberto, como á Axencia Española de Protección de Datos, que aínda non se pronunciaron.

Por todo iso, dado en primeiro lugar o profundo descoñecemento do funcionamento da actividade turística por parte dos autores responsables do contido e alcance do Real Decreto 933/2021, así como engadido ao anterior, a falta de atención, flexibilidade e racionalidade demostradas polo Goberno encabezado por Pedro Sánchez para co primeiro sector produtivo contribuínte ao PIB español, considerando ademais os graves riscos en que se podería estar a incorrer en materia de colisión con normativas de protección de datos persoais de carácter extremadamente sensible, o Grupo Popular Provincial da Deputación da Coruña presenta a seguinte

PROPOSTA DE ACORDOS

PRIMEIRO.- A Corporación da Deputación da Coruña insta o Goberno de España á adopción das seguintes medidas:

1. Derrogar o Real Decreto 933/2021, do 26 de outubro, polo que se establecen as obrigacións de rexistro documental e información das persoas físicas ou xurídicas que exercen actividades de hospedaxe e alugueiro de vehículos de motor, tendo en conta do impacto extremadamente negativo que a súa implementación ocasiona á realidade operativa e funcional das empresas turísticas, así como en materia de afectación aos dereitos fundamentais de viaxeiros e consumidores nacionais e internacionais relacionados coa vulneración de normativas nacionais e europeas de protección de datos



e privacidade, procedendo urxentemente a establecer unha canle de interlocución fluído e construtivo cos nosos operadores hostaleiros, de axencias de viaxes e de alugueiro de vehículos afectados.

2. Tras alcanzar unha solución consensuada e satisfactoria cos operadores afectados, ditar as normas precisas de desenvolvemento sobre as obrigacións de rexistro documental e información das persoas físicas ou xurídicas que exercen actividades de hospedaxe e alugueiro de vehículos de motor, facilitando en todo caso a aplicación dun marco proporcionado e equilibrado de obrigacións, ao propio tempo que achegando plenas garantías de seguridade xurídica a todos os actores da cadea de valor turística obrigados ao seu cumprimento.

3. Descartar absolutamente en diante calquera medida ou acción gobernamental lesiva, xeradora de duplicidades ou de carácter ineficiente ou tamén de inviable aplicación como no presente caso, que poida danar a actividade turística e atentar contra a intimidade e seguridade de turistas e clientes, traducíndose a continuación na práctica nunha perda das cotas de competitividade turística mundial dos nosos destinos, así como desembocando nunha situación de indefensión para operadores turísticos, viaxeiros internacionais e consumidores domésticos.

SEGUNDO.- Dar traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, ao Ministerio de Interior, ao Ministerio de Industria e Turismo e ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, aos Portavoces dos Grupos Políticos no Parlamento de Galicia e no Parlamento español, así como a Presidencia da FEGAMP e da FEMP.”

Sr. Presidente

Seguinte moción, do Partido Popular, sobre o déficit de médicos en atención primaria.

2.Moción PP sobre o déficit de médicos en atención primaria

A situación da atención primaria está a ser difícil en toda España por un problema de déficit de especialistas en medicina familiar e comunitaria de alcance estatal, o que fai practicamente imposible cubrir as prazas nos casos de xubilacións, baixas ou ausencias.

Dende hai anos sabiamos que esta difícil situación ía chegar, por iso xa en abril do 2018, as comunidades autónomas, xunto co goberno daquela presidido por Mariano Rajoy aprobaron, por unanimidade, nun Consello Interterritorial unha serie de medidas prioritarias para corrixir as carencias que se estaban orixinando.

Sen embargo, aquelas medidas pactadas en abril quedaron sen efecto coa chegada ao goberno de España do PSOE, en xuño de 2018, que postergou e non deu cumprimento ao pactado no Consello Interterritorial, empeorando así, cada ano, a situación da atención primaria.

Foron 4 anos de inacción, e varios ministros, ata que en 2022 o Ministerio de Sanidade presentou ao Consello Interterritorial un informe coordinado pola catedrática Beatriz González López-Valcárcel titulado Informe Oferta-Necesidade de Especialistas Médicos 2021-2035, no cal se marcaba o 2027 como punto de inflexión onde se producirían situacións críticas non Sistema Nacional de Saúde (SNS).

O dito informe sinala a especialidade de medicina familiar e comunitaria como "a especialidade con peores prognósticos de déficit", identificando como as causas máis determinantes neste problema, a fuxida dos residentes desta especialidade a urxencias e o escaso incremento das prazas MIR debido á rixidez do procedemento de acreditación de prazas formativas por parte do Goberno central. Ademais do aquí sinalado tamén se recomenda adoptar incentivos para prazas de difícil cobertura, que poderían quedar vacantes incluso nun escenario con máis especialidades polo seu pouco atractivo



profesional.

Dende este tempo desde o Goberno central, que é quen ten a responsabilidade, pouco se fixo para resolver a situación, máis ben deixouse correr o reloxo. Practicamente todas as medidas que se levaron a cabo nestes anos foron no ámbito competencial das comunidades autónomas, que foron quen de asumir as súas responsabilidades en materia sanitaria sen o apoio do Goberno estatal.

Ata tal punto chegou a situación que comunidades de distinto signo político subscribiron un manifesto impulsado por Galicia (PP) e País Vasco (PNV) onde reclaman ao Goberno de España unha serie de medidas urxentes para solucionar a situación na que se atopa a atención primaria. A este manifesto uníronse nun primeiro momento máis comunidades autónomas, como Cataluña (ERC), Castela e León, Andalucía ou Madrid, entre outras. Actualmente son 13 de 17, as que faltan, casualmente son as gobernadas polo PSOE.

Está claro que esta demanda conxunta é unha realidade que nos afecta a todos independentemente do signo político.

No Debate do Estado da Nación celebrado en xullo de 2022, o contido deste manifesto foi trasladado ao Congreso dos Deputados como resolución, logrando o apoio dunha decena de partidos políticos, tamén de diferente signo, e sendo aprobado.

Dous anos despois dese debate, o pasado ano 2024, volveuse realizar un informe sobre a necesidade de médicos en España por encargo do propio Ministerio de Sanidade, onde se volvían actualizar os datos e se alertaba da situación crítica do Sistema Nacional de Saúde.

Xa van sete anos, seis ministros de sanidade e ningunha vontade política por parte do Goberno central do partido socialista en pór solución a unha problemática que afecta a todo o país e á saúde da xente.

Esta situación é aínda máis preocupante nunha comunidade como a galega, cunha forte dispersión e cunha poboación cada vez máis envellecida e que precisa de máis coidados e asistencia sanitaria.

O goberno da Xunta de Galicia actuou e, facendo uso das súas competencias, elaborou unha lei que a habilitou para convocar prazas consideradas de difícil cobertura mediante concurso de méritos. Unha medida pioneira en España que fai máis atractivas determinadas prazas e que permitiu convocar máis de 350 por esta modalidade, especialmente no noso rural.

A inacción do Goberno central por poñer solucións enriba da mesa que faciliten que haxa facultativos que as comunidades poidan contratar fai que moitos concellos galegos, teñan serias dificultades para cubrir as prazas que quedan vacantes ou as baixas do persoal sanitario.

Xa que logo é urxente que o Goberno de España teña en conta as demandas que hai tempo lle veñen trasladando as distintas comunidades para paliar o déficit de persoal e adopte, sen dilación, cantas medidas sexan precisas para poñer remedio a unha situación que se está agravando ano a ano.

Polo exposto, solicitamos instar ao Goberno de España a:

1. Axilizar o proceso de homologación de títulos dos profesionais sanitarios, mentres non se transfira esta competencia á Galicia.
2. Incorporar de maneira inmediata as novas prazas acreditadas á oferta formativa de especialistas.
3. Modificar o Estatuto Marco para elevar ata os 72 anos da idade máxima para o exercicio da profesión médica.
4. Acelerar a implantación da especialidade de médico de urxencias.



5. Impulsar na liña do que veñen facendo comunidades como Galicia, medidas que permitan incentivar as prazas consideradas como de difícil cobertura para así lograr a súa cobertura.

Sr. Caamaño López

Presidente, compañeiros e compañeiras, bo día a todos e a todas.

A situación da atención primaria está a ser difícil en toda España por un problema de déficit de especialistas en medicina familiar e comunitaria de alcance estatal, o que fai practicamente imposible cubrir as prazas nos casos de xubilacións, baixas ou ausencias.

Vou, xa que todos teñen a moción, vou evitar ler toda a exposición de motivos, que seguramente xa leron. Esta é unha situación que leva tempo pasando, que sabiamos que se ía agravar. Fóronse tomando diversas medidas, pero o caso é que hai un incremento moi escaso das prazas MIR debido á rixidez do procedemento de acreditación de prazas formativas por parte do Goberno central. De feito, tivemos informes onde se alertaba desta situación.

Como digo, fai tempo que algunhas comunidades autónomas intentaron levar adiante algunhas medidas para emendar esta situación, pero con bastante pouco éxito, porque é algo que depende, en concreto, esta cuestión do Goberno central. Xa van moitos anos, ultimamente 6 ministros de sanidade e, polo que se ve, pouca vontade política de poñer solución a unha problemática que afecta a todo o país e tamén a Galicia, sobre todo nunha comunidade como a nosa, cunha forte dispersión e cunha poboación cada vez máis envellecida e que, por tanto, precisa de máis coidados e asistencia sanitaria.

O que precisamos son máis facultativos que as comunidades poidan contratar. Por tanto, é urxente que o Goberno de España teña en conta as demandas que hai tempo que se veñen trasladando desde diferentes comunidades para paliar o déficit de persoal e adopte as medidas necesarias para poñer remedio a unha situación que se vai agravando ano tras ano.

Por iso solicitamos instar o Goberno de España a:

1.º- Axilizar o proceso de homologación de títulos dos profesionais sanitarios mentres non se transfire esta competencia a Galicia.

2.º- Incorporar de maneira inmediata as novas prazas acreditadas á oferta formativa de especialistas.

3.º- Modificar o estatuto marco para elevar ata os 72 anos a idade máxima para o exercicio da profesión médica.

4.º- Acelerar a implantación da especialidade de médico de urxencias.

5.º- Impulsar, na liña do que veñen facendo comunidades como Galicia, medidas que permitan incentivar as prazas consideradas como de difícil cobertura para así lograr a súa cobertura.

Esperamos que nos apoiem e, sen máis, grazas.

Sra. Veira González

Si, en primeiro lugar quixera facer unha reflexión sobre esta moción, porque eu xuraría que o Partido Popular é o partido que está no Goberno da Xunta de Galiza e ademais moi orgulloso da súa maioría absoluta, que reitera unha e outra vez, e a nós parécenos estupendísimo e marabilloso pero, se o Partido Popular ten o Goberno da Xunta de Galiza, o que se espera é que governe e o que se espera é que faga política e,



polo tanto, se hai un problema político co tema da sanidade, que o resolva e que, desde logo, inicie o diálogo necesario para afrontar estas que cre o Partido Popular que son as solucións a todos os seus males.

O problema é que eu creo que o Partido Popular, en primeiro lugar, non cre de verdade en que estas sexan as solucións, e non cre na sanidade pública, e non cre, desde logo, nin nas súas propias competencias, porque hai que recordar que as competencias en materia de sanidade son da Xunta de Galiza, son da comunidade autónoma. Creo que aquí estamos ante un novo episodio dun patapúm parriba de un botarlle a culpa aos demais do que son os problemas históricos, históricos da sanidade en Galiza.

Miren, esta moción non está pensada precisamente para aportar solucións, senón que o que nós consideramos é que o Partido Popular pretende responsabilizar a outros da crise sanitaria na que está inmersa Galiza, especialmente a súa atención primaria. Miren, esta moción o que pretende é, non sei, receitar agora un bálsamo para curar os males en atención primaria, pero o que é é unha cuestión absolutamente falaz e unha manobra de distracción sobre cal é o auténtico problema en atención primaria e nos problemas da atención primaria e que o Partido Popular leva 15 anos esnaquizando a sanidade pública galega, e sábeno ben porque estiveron 15 anos sen convocar oposicións, e que hai xente que colleu a praza con 60 anos e que temos unha situación que é absolutamente crítica, e non é crítica desde que é crítica a raíz da pandemia a nivel mundial para conseguir médicos nos sistemas sanitarios; non, non, porque, entre outras cousas, a privada non ten problema para recrutar médicos. O problema é como se xestiona a sanidade pública, e como precisamente o Partido Popular, dentro do Sergas, ten absolutamente alimentada e inflada a sanidade privada, alimentándoa precisamente de concertos, non? Vostedes saben desde hai moitos anos que faltan profesionais para cubrir todas as prazas e as próximas vacantes por xubilación, e non planificaron nada, nin a curto, nin a medio, nin a longo prazo, a pesar de que moitas veces llo advertimos, e llo advertimos desde o BNG e llo advertimos desde o Parlamento galego, porque levamos moitos anos demandando medidas para garantir o relevo xeracional, un relevo xeracional que non se vai dar en absoluto, por moito que amplíen vostedes a idade de xubilación; que relevo se vai dar?, se vostedes non fan máis que ampliar a idade de xubilación. O que hai que garantir é que se incorporen médicos á sanidade pública.

Isto non é unha novidade, como dicimos, e nós desde o BNG levamos moitos anos anunciándoo, pero o Partido Popular sempre votou en contra das iniciativas presentadas polo BNG no Parlamento galego, que advertían sobre esta situación, e vostedes votaron en contra incluso dicindo que non había ningún problema, sen recoñecer que había o problema. Non fixeron nada para evitalo, non fixeron nada para planificar; moi ao contrario, moitas veces puxeron o acelerador para chegar á súa meta real, que é esnaquizar a sanidade pública. Reduciron o orzamento, reduciron o número de prazas MIR. O propio Goberno de Rajoy, o propio Goberno de Rajoy mantivo a taxa de reposición, que só permitía repoñer un profesional por cada 10 que se xubilaran, un déficit absoluto de prazas. E, no que respecta á atención primaria, seguen quedando prazas MIR sen cubrir dos que rematan sendo moitos os que non aceptan a especialidade en atención primaria. E o Sergas segue practicando a temporalidade e precariedade e o abuso laboral. A modo de exemplo, arredor do 50% dos profesionais de enfermería e de facultativos de atención primaria son temporais. As políticas dos últimos 15 anos do Partido Popular deixan unha atención primaria secundarizada, desprestixiada, minusvalorada, con listas de espera de semanas e coa atención pediátrica reducida á mínima; 200 concellos galegos, que se di pronto, non contan con servizo de pediatría. O recorte acumulado en atención primaria de 2009 a 2015 é de máis de 1.900 millóns de euros, aplicando o IPC, tería que ter 275 millóns máis.

Segundo o informe anual do sistema de saúde publicado polo Ministerio a



principios de novembro, Galicia segue estando á cola de atención primaria. Miren, se a OMS recomenda que do total do orzamento en sanidade se dedique o 20% en sanidade á atención primaria, vostedes dedícanlle un 11,69%, fronte ao 14,17 que lle dedica a media do Estado, case dous puntos e medio de diferenza. A isto hai que engadir que temos 389.252 persoas en lista de espera para atención hospitalaria, e a saturación permanente dos servizos de urxencia. En definitiva, hai unha descoordinación e planificación absoluta diante da cal só poñen vostedes o esforzo en cambiar o relato, única e exclusivamente. Os seus esforzos céntranse en mudar a responsabilidade, sen cambiar a culpabilidade. Evidentemente, hai responsabilidades no Goberno español, a empezar por que non eliminou a taxa de reposición, pero as competencias que ten a Xunta de Galiza permítenlle levar a cabo actuacións que mellorarían, e moito, a situación; aumentar o orzamento como mínimo para estar na media do Estado; garantir a capacidade e calidade docente para atender a formación dos profesionais MIR. Non pode haber unha rebaixa en formación; todo o contrario, sobre todo se queremos ter profesionais ben formados no noso sistema sanitario. E non se pode acreditar a todo o mundo para ser titor, nin todos os centros para recibir residentes, porque non sempre se dan as condicións adecuadas. Poden elaborar con urxencia un plan de ordenación dos recursos humanos para identificar as necesidades de persoal de cada colectivo e proceder a súa cobertura en todas as categorías; poden rematar coa política de precariedade e explotación na contratación, ofertando contratos dignos para evitar que sigan marchando profesionais ben cara á privada ou ben cara ao estranxeiro; poden poñer en marcha un plan de retorno e capacitación dos profesionais que emigraron ou optaron pola sanidade privada, baseado na convocatoria de todas as prazas vacantes, a estabilidade laboral, e a eliminación da precariedade na contratación; e poden incorporar á carteira de servizos de atención primaria as categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral e descolapsar as listas de espera, persoal de psicoloxía e terapia ocupacional, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos, optometristas, etc., e poden poñer en marcha a carteira de servizos e recoñecer o mapa de competencias de cada categoría profesional: enfermaría, fisioterapia, matronas, TCAE, PSX, celadoras e celadores, e doutras categorías que habería que incorporar. O que non pode ser é que teñamos as enfermeiras e os enfermeiros como temos; o que non pode ser é que vostedes cada día lle engadan ao persoal, por exemplo, de administración e servizos máis competencias, pero lles manteñan os salarios intactos; o que non pode ser é a precariedade na que temos o noso sistema sanitario. E vostedes, como Xunta de Galiza, vostedes como Partido Popular que ostenta esa maioría absoluta da que se gaban día si e día tamén, sigan mantendo esta situación; deixen de sinalar responsábeis fóra e empecen a analizar o que están facendo ou, mellor dito, a identificar o que non están facendo e póñense as pilas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo. A verdade é que a miña capacidade de sorpresa con vostedes non ten límite. E mira que teñen presentado cousas aquí que eran de botarlle valor, non?, pero o desta moción xa supera todos os límites.

Resulta que a competencia en materia sanitaria dende hai décadas, polo Estatuto de autonomía, é da Autonomía de Galicia. Pero, claro, vai ser difícil que o Partido Popular asuma que a súa xestión nesta materia non é boa, ou que está encamiñada, como ben dicía quen me precedeu no uso da palabra, á privatización dun servizo fundamental como é o da sanidade, e para iso primeiro hai que dismantelar o público, xerar unha mala imaxe do mesmo para que a xente acuda cada vez máis ao privado. E empezaba vostede a súa intervención, porque ás veces o subconsciente xa soe traizoarnos nada máis empezar. Empezou dicindo primeiro que –anoteino ademais, literal– a situación de atención primaria está a ser difícil en toda España. Xa empezamos coa primeira fase de escorrer el vulto, que é: isto non é un problema só noso, é un problema de toda España



e, polo tanto, se é de toda España non pode ser culpa do Partido Popular. Bueno, esa é unha afirmación cando menos discutible, porque a situación da sanidade nas comunidades autónomas non é igual entre unhas e outras. Entre outras cuestións, porque Galicia, por exemplo, é a segunda comunidade que menos inviste en atención primaria, só por enriba de Madrid, de todas as que hai no conxunto do Estado español. Polo tanto, a situación da sanidade galega non é a mesma nin é comparable que calquera outra comunidade autónoma, pero loxicamente xa lanza vostede esa *excusatio non petita* por se acaso alguén tivera a tentación de botarllo en cara.

Di vostede que xa hai tempo que sabemos que isto vai mal. Efectivamente, xa hai tempo que, sobre todo os profesionais e, loxicamente, os partidos da oposición no Parlamento galego nos fixemos eco diso, de que a situación da sanidade en Galicia vai mal, vai moi mal, pero vai moi mal porque se toman decisións encamiñadas a que vaia mal.

E, despois, loxicamente non podía rematar doutra maneira ese escorrer o vulto botándolle a culpa ao de sempre, que é o Goberno de España, o Goberno de España cando non goberna o Partido Popular, que iso tamén é unha tónica dominante cando escorren vostedes o vulto. E di vostede que, claro, se debe á falta de prazas de formación para MIR. Claro, pero despois está a circunstancia de que no ano 2023, que Galicia tiña para formar concedidas 725 prazas, só formou 620. Polo, tanto os 105 que deixou de formar por que foron. Non sei se se puxo Pedro Sánchez na porta para que non puideran entrar, se os ameazaron. E despois, claro, atopámonos con titulares do tipo... este é un titular do día 2 de febreiro, é dicir, deste mes, onde o señor Rueda di: “La Xunta aprueba incentivos para que el personal que ejerza como tutor en la formación sanitaria especializada”. Que quere dicir?, pois algo que é obvio: que, se non hai titores do Sergas, non se poden formar MIR. E quen ten que incentivar que haxa máis titores no Sergas para poder formar eses MIR é a Xunta de Galicia, e resulta que vostede que acaba de dicir que este problema xa sabían hai moito tempo que existía, o presidente da Xunta de Galicia o día 2 de febreiro, é dicir, hai agora apenas 26 días, acaba de anunciar por fin que agora si que van incentivar esas persoas que decidan ser titores de formación dos MIR, que ese é o problema; por iso desas 725 prazas que tiñan vostedes para ofertar no ano 2023 só ofertaron 620, porque non había titores suficientes. Por iso, nos últimos anos hai 180 prazas de MIR que vostedes non puideron formar porque non había titores suficientes, loxicamente primeiro porque non hai incentivos para que haxa titores, pero é que tampouco hai incentivos para que os facultativos traballen en atención primaria, porque están mal pagados, porque teñen unhas quendas que todos sabemos como son, porque falta persoal, etc. A degradación da sanidade, e sobre todo a atención primaria en Galicia, é palmaria e non hai ningún cidadán, incluso os que votan por vostedes, que non o recoñeza. Calquera dos que estamos aquí, se temos un PAC no noso centro de saúde, sabemos cal é a situación en comparación con hai 10, 20, 30 anos. Estamos moito peor. Vostedes levan gobernando case todo o período democrático en Galicia excepto en dúas ocasións, polo tanto, son coñecedores desta deriva dende hai moitísimos anos. De feito, ultimamente dende hai 17, 18, 19 anos que gobernan de forma ininterrompida sen facer absolutamente nada para rematar con esta situación, nada. Falan na moción, incluso, do tema das xubilacións. Primeiro subíronas aos 67, despois baixáronas aos 64, despois volveron a subilas aos 67, agora poñen aos 70, como di o Goberno, é dicir, xa fixeron aí un *totum revolutum* de sube e baixa, sube e baixa coas xubilacións. O problema é que vostedes non teñen interese en que a sanidade pública funcione ben, porque vostedes traballan para que a xente marche á privada, que é onde está o negocio. E iso é unha cuestión evidente que podemos constatar todos e todas. Polo tanto, polo menos teñan vostedes a honestidade de recoñecelo e non botarlle culpas a quen non as ten, porque, se o principal argumento é esa convocatoria ou a conceder máis prazas a Galicia, Galicia ten prazas MIR as que solicita, as que ten solicitados tenas concedidas. Polo tanto, non hai máis porque non as pide en tal caso. E por que non as pide?, porque sabe que non as



pode formar; por que?, porque as que ten concedidas, como dixen inicialmente, non as cumpre e queda xente sen formar porque non hai titores, e agora por fin parece ser, a ver se con isto empeza a mudar esa situación, van incentivar esas persoas para que poidan ser titores dos MIR. Veremos cales son eses incentivos, porque aínda non lin a letra pequena, máis alá dunha nota de prensa, que xa sabemos todos e todas que as carga o díaño.

E sobre as cuestións concretas que falan vostedes, concretas que falan vostedes na súa moción, que propoñen nos seus acordos, o primeiro punto xa está aprobado polo Goberno do Estado, non sei se o saben. O que pasa é que os que non están de acordo son os colexios de médicos e, polo tanto, o que está facendo o Goberno do Estado é negociar con eles para tentar chegar a un acordo entre todas as partes.

O punto 4, falan vostede da especialidade de Urgencias; a especialidade de Urgencias xa está aprobada, e aprobouna ademais, casualmente, un ministro socialista e galego, que era o señor José Miñones, xa está aprobada. Non sei quen fixo a moción, se é que non ten os datos actualizados ou quere actuar con mala fe, xa sei que non é unha moción feita polo Grupo Provincial nesta Deputación, senón que llela mandan do partido, pero tendo en conta... ben, pois algunha das... –non vou dicir o que ía dicir– persoas que se adican no seu partido a cuestións de carácter nacional, pois non me estrañaría que incluso ademais de enganar o resto os enganaran tamén a vostedes cos acordos desta moción porque, como repito, algúns deles xa se están cumprindo.

No punto 5, Galicia é das comunidades autónomas que menos bonifica, que menos bonifica –isto son datos oficiais do INE– as prazas de difícil cobertura. Aquí o que nos adicamos tempo a dicir era que formabamos os médicos e marchaban para Londres, porque será que á xente lle gusta viaxar e prefire desenvolver o seu proxecto laboral lonxe da súa familia e da súa casa, regalabámoslles incluso maletas cando remataban os seus estudos, normalizabamos que a xente marchara e dedicabámonos a dicir: ben, é que, se marcha, que lle imos facer? Nós formamos médicos, pero marchan fóra das nosas fronteiras. Pois, home, igual ten que ver un pouco o que cobran e cales son as súas condicións laborais, non?

E o segundo punto, o que comentaba con anterioridade, Galicia ten todas as prazas que ten solicitadas; todas as que ten solicitadas están concedidas. Polo tanto, vaian vostedes ao problema, que saben perfectamente cal é, e despois poderán solicitar máis. Pero, en todo caso, se as que teñen concedidas, como dixen antes, non as cobren, pois non ten moito sentido seguir solicitando máis. Polo tanto, estamos unha vez máis ante un exemplo evidente de como o Partido Popular sempre lle carga o morto ao primeiro que pasa. Cando as competencias son do Estado, xa ten o choio feito, porque a culpa é do Estado, pero cando as competencias son da autonomía tamén a culpa é do Estado. Polo tanto, gustaríame saber cando ten a culpa de algo a Xunta de Galicia do Partido Popular, porque nunca ten culpa de nada. E, ben, isto xa o veño repetindo –parezo Pepito Grillo– pleno tras pleno, tras pleno, tras pleno, desgraciadamente para min con pouco éxito, porque seguen vostedes na mesma dinámica de responsabilizar os demais daquilo que é responsabilidade súa. É verdade que non só do PPdeG; hoxe mesmo escoitaba tamén este señor de Valencia facer unha cousa moi similar. Debe de ser que vai nos estatutos ou no ADN da formación, porque dende logo hai que ter rostro para traer determinadas cuestións a este Pleno que todos e todas sabemos precisamente como funcionan e que ten a súa responsabilidade a ese respecto. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Caamaño López

Nada, moi breve. O primeiro é desexarlle á representante do BNG que se recupere do problema de saúde.



Nós non dicimos nesta moción que todos os problemas do sistema de saúde público galego sexan por esta cuestión. Nós traemos esta cuestión porque é un problema que se une a outros, que todos sabemos que o sistema é mellorable e así se recoñece todos os días, se escoita a que ten a máxima responsabilidade en Galicia da Consellería de Sanidade, que é o conselleiro, pois el mesmo o di.

Nós o que traemos aquí é unha cuestión que é un problema en todas as comunidades de España, non é porque o digamos nós; así aparece nos diferentes informes, incluso pedidos polo propio Ministerio de Sanidade. Entón o que pedimos é unha resolución a ese problema. O que forma parte das competencias autonómicas, pois evidentemente téñeno vostedes moi fácil, tanto o Bloque como o BNG, pois traen a moción correspondente e daráselle unha resposta. Por tanto, aquí falamos dun tema específico; hai outros temas, a portavoz do BNG referiuse a moitas cuestións da sanidade galega, os mantras de sempre, da privatización e demais, como en tantos outros temas, é dicir, aproveitando que, como dirían noutros lados, que o Pisuerga pasa por Valladolid, pois falamos de todo; aquí teríamos que dicir aproveitando que o Xallas pasa por Mazaricos, pois falamos tamén de todo. E, por certo, á señora do BNG pódolle dicir unha cousa, xa que falo de Mazaricos: o Bloque, tan defensor sempre do público cando está na oposición, pode preguntarlle entón, por exemplo, xa que aquí falamos de todo, ao alcalde do Bloque de Mazaricos, con maioría absoluta, por que vai facer unha residencia privada, regalarlle un edificio a un concello, pagarlle a reforma e encima pagarlle as prazas. É dicir, hai que ser un pouco coherentes entre o que se di cando un é oposición e o que se fai cando un ten que gobernar.

Polo demais, pouco máis; falaba o señor Bernardo do acordo cos colexios profesionais. É que esa é unha cuestión que simplemente non se pode facer; é dicir, iso está regulado por lei e o cumprimento da lei non se pode negociar. As melloras salariais, home, hai que estar un pouco ao tanto das medidas que se están facendo. O presuposto de sanidade da Xunta de Galicia é case máis do 40% do presuposto total da Xunta. Estamos falando de case 6.400 millóns de euros, e unha parte considerable a atención primaria. As prazas de difícil cobertura, intentouse ou levouse ao Parlamento; por certo, Bloque e BNG votaron en contra.

Mire, aquí hai unha cuestión que nós é a que a traemos e é para a que lle pedimos o seu asunto. Para outras cuestións, xa lles digo, traian outra moción. Hai un tema que é: a Xunta neste momento ten os cartos para contratar, o que non ten é algo que non depende da Xunta, que é profesionais dispoñibles para poder contratar. Apoian que poidamos ter persoal para poder contratar en atención primaria, si ou non? Esa é a cuestión que, no fondo, formulamos. Moitas grazas.

Sra. Veira González

Unha cousa só. Grazas polos desexos de mellora, en primeiro lugar e, en segundo lugar, nós estamos a favor de que o Sergas efectivamente poida contratar máis persoal pero, como en moitas cousas, non lle compramos a receita que sinala na moción, cremos que desde a propia Xunta de Galiza se poden facer outras cousas para acadar o mesmo obxectivo. E xa temos presentado outras mocións, por certo, para resolver outras cuestións de sanidade e vostedes non votaron a favor, como nunca votan a favor de ningunha cuestión que implique mellorar a sanidade pública en Galiza, nin aquí nin no Parlamento. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que a falta de mellores argumentos, un simplifica a argumentación ata chegar ao límite de dicir: vostedes queren que contratemos máis xente, si ou non? Pois claro que si. O problema é que vostedes non poden contratar máis xente porque non a hai. E o problema é que non hai máis xente porque non se pode formar, e non se pode



formar porque vostedes non incentivaron que houbera titores dentro das súas competencias exclusivas para poder formar eses MIR.

Non me respondeu vostede a por que eses 105 do ano 23 quedaron sen convocar. Gustárame que me dera esa resposta, se pode ser. Dos 105 do 23 ou dos 180 dos últimos anos. Non me quere contestar? Vale, moi ben, perfecto. Di que teñen cartos para contratar, pero que non hai persoal. Efectivamente, pois xa acabamos de explicar por que non hai persoal, e sobre iso versa esta moción.

Di vostede que esta moción se circunscribe a unha cuestión concreta, que é a formación do persoal MIR. Bueno, pois xa sabemos por que non o hai, e non é culpa do Estado. E vostedes fan unha serie de peticións aquí que, loxicamente, nós podemos compartir ou non, pero, en todo caso, sendo coñecedores da situación e compartindo a necesidade de que hai que adoptar medidas, presentamos unhas emendas, que non sei se van vostedes aceptar ou non, pero que vou ler a continuación.

O punto 1 quedaría da seguinte maneira: Instar o Goberno do Estado a axilizar o proceso de homologación de títulos dos profesionais sanitarios de acordo cos colexios profesionais mentres non se transfira esta competencia a Galicia.

Punto 2: Instar o Goberno do Estado a incorporar de maneira inmediata as novas prazas acreditadas á oferta formativa de especialistas e instar a Xunta de Galicia a ofrecer mellores condicións laborais e salariais aos MIR e aos titores.

Punto 3: Instar o Goberno do Estado a modificar o estatuto marco para elevar ata os 72 anos de idade máxima o exercicio da profesión médica e instar a Xunta de Galicia a ofrecer mellores condicións laborais e salariais aos novos profesionais que se incorporen ao Sergas.

E punto 4: Instar o Goberno do Estado a impulsar, na liña do que veñen facendo comunidades como Galicia, medidas que permitan incentivar as prazas consideradas como de difícil cobertura, para así lograr a súa cobertura, e instar a Xunta de Galicia a bonificar a ocupación de prazas de difícil cobertura mediante melloras salariais e laborais, como poden ser a rotación polos hospitais, triplicar a puntuación para promocións internas, contrato de estabilidade a tres anos vista como mínimo ou posibilidades de investigación financeira.

Bueno, pois esa é a emenda que nós presentamos para poder apoiar esta moción, que entendo que non ten nada de malo. E sobre o punto 4 si que me gustaría incidir en que, nas modificacións e as medidas que puxo a Xunta en marcha nos últimos tempos para estes incentivos, non se encontraban os salariais, casualmente, a pesar de que os grupos da oposición, no Parlamento, incidiron moito na necesidade de mellorar as condicións salariais. Non o fixo. Bueno, agora o señor Rueda anuncia, non está mal; despois de 18 anos ou 19 ía sendo hora. Pero hai moitos que xa levamos moito tempo dicíndolles a vostedes o que había que facer e non fixeron caso. Pois se agora caeron da burra e o van facer, benvido sexa. En todo caso, repito, nós presentamos esta emenda, que entendo que, partindo desa simplificación que fixo vostede en canto a que se estamos todos de acordo en que se contrate persoal non teríamos problema, pois entendo que a súa xenerosidade será moi ampla para aceptar a emenda que presentamos dende o Grupo Socialista e, polo tanto, así conseguir o voto favorable da nosa formación. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Caamaño López

Si, desculpe se resultou demasiado simple, para enredarse xa nos sobra xente. En calquera caso, os puntos están aí. Se vostede quere engadir ese tipo de cousas, eu o que lles diría é que as levaran nunha moción, porque ademais xa lle expliquei por que non podemos aceptar esa emenda. Estannos pedindo unha cuestión que se refire a algo que está regulado; está falando das condicións laborais que se está facendo. É máis,



hoxe mesmo, creo que foi hoxe mesmo, ou onte, a propia ministra dixo que estaban moi ben pagados, que cobraban como un ministro, iso dixo a señora Mónica García. Co cal, nós traemos aquí hoxe este punto e esperabamos e temos a confianza de que nola apoien, porque se refire a un aspecto concreto, que pensamos que é relevante para a atención primaria en Galicia. Se hai outros puntos, pois eu o que lles recomendaría é que os trouxeran noutro pleno e punto. Así que esta é a nosa posición. Nada máis e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Non hai outros puntos, son os mesmos puntos. O que facemos nalgúns deles é incorporarlles algunha cuestión ou modificar outra cuestión, pero non hai puntos a maiores. Ese argumento que traen vostedes sempre: se vostedes queren algo, presenten unha moción, home, está regulado perfectamente o sistema de addendas e de emendas nas mocións. Se ese é o problema, entendo que vostedes no que queda de lexislatura non van presentar nunca máis unha emenda nin addenda a ningunha moción que se presente neste salón de plenos. Digo eu, eh; dígoo por ser un pouco coherentes, dentro da incoherencia da que fan gala con certa frecuencia, non? Porque teño visto emendas do Partido Popular e, dende logo, o argumento deste grupo ou do Bloque Nacionalista Galego ou incluso do Grupo Independente nalgunha época para non aceptalas non é “presenten vostedes unha moción”, co cal novamente incide vostede máis na carencia de argumentos, pola súa parte e pola parte do seu grupo, para rexeitar o que estamos a propoñer aquí porque, se o argumento é ese, lamento que sexa tan simple o contraargumento e, dende logo, que teña tan pouco que ver coa materia que supostamente lles interesa tanto e que tanto lles preocupa e que o motivo para rexeitar estas emendas sexa ese. Polo tanto, non teño nada máis que engadir, lamentando, loxicamente, unha vez máis o posicionamento do Partido Popular, que vemos que é incapaz de reclamarlle nada á Xunta de Galicia, de recoñecer o máis mínimo erro na xestión da Xunta de Galicia e xa non digamos recoñecer a vontade, constatada por todas e todos, da Xunta de Galicia de desleixo e de retroceso na calidade da atención primaria na nosa terra. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 16 deputados/as (10 do PSOE e 6 do BNG)

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Decae a moción.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Traemos ruegos referidos a tres Concellos, pero antes, con carácter previo, quería hacer dos comentarios y primero es mandar un saludo a los vecinos de Mesoiro que están fuera con una pancarta haciendo unas reivindicaciones que nosotros entendemos que son justas y las cuales apoyamos. Y lo hicimos aquí en este Pleno y nuestros compañeros del Ayuntamiento de La Coruña lo hicieron en el Pleno del Ayuntamiento de La Coruña también.

Por otro lado, de los tres ruegos que voy a traer, ninguno creo que lo tenga que contestar doña Avia, lo cual es un alivio para ella, y le deseamos también, como mi compañero Caamaño, una pronta recuperación.



Las cuestiones a las que me refiero ahora, la primera es en Camariñas, en la DP-1603, en la travesía de Ponte do Porto, en una inversión importante, del punto kilométrico 330 al punto kilométrico 740. Esto es una inversión importante de la Diputación de La Coruña, creo de en torno a más de 700.000 euros. La cuestión aquí es que el ancho de acera en algunas zonas que coincide con un cruce es quizá algo excesivo y hay una dificultad importante a la hora de que se puedan incorporar los coches a la vía de la Diputación. Yo le pediría a doña Mónica que, por proximidad, que se acerque y lo vea. Creo que es en afán de mejorar, no es por crítica. Creemos que la inversión es importante y necesaria, pero también creemos que con algún detalle podría quedar mucho mejor y evitar problemas a futuro.

La siguiente cuestión que traemos es del Concello de Porto Son, y esto es un tema que viene de lejos. Es un..., digamos que hay un compromiso adquirido en una visita por el anterior diputado de Obras, en concreto el 15 de mayo del 2018. El señor Pequeño visita Porto do Son. Hay reportajes de prensa y de las redes del Ayuntamiento con todos los representantes de todos los grupos políticos y hay un compromiso con respecto a hacer una senda en la DP-7103. El propio diputado en aquel momento definía esta vía como una vía provincial de libro; conecta dos ayuntamientos, vertebró núcleos de población, y creemos que es muy importante que se cumpla con este compromiso que, *a posteriori*, el propio presidente, el presidente Formoso, recibiendo a Luis Oujo, alcalde de Porto do Son, sí ratifica el compromiso del señor Pequeño y sí dice que se va a proceder a esta actuación.

Yo podría hacer aquí una lectura de la memoria justificativa del proyecto y demás, pero lo que sí creo es que en aquel momento hubo un compromiso. Yo pido que lo ratifiquen. Los técnicos del Servicio de Vías y Obras, eran los mismos, los asesores políticos del Departamento de Vías y Obras eran los mismos que están en este momento. Hay un compromiso, la vía provincial es de libro. El Ayuntamiento cumplió con todo lo que se le requería, que es conseguir los terrenos y ponerlos a disposición. A día de hoy, todos los terrenos para ejecutar esta senda están a disposición. La Diputación se comprometió, a la mayor brevedad, a redactar un proyecto y no sé si el proyecto lo redactaron o no, pero lo cierto y verdad es que el Ayuntamiento de Porto de Son, creyendo en la voluntad política y en dar cumplimiento a la palabra dada, hizo sus deberes, consiguió los terrenos y también redactó el proyecto.

Entonces yo, si no le importa, doña Mónica, si me permite que me acerque, le voy a hacer entrega del proyecto de la senda. El proyecto está, los terrenos están, la necesidad es clara, falta la voluntad; nosotros la tenemos, espero que ustedes también, y el compromiso. Le paso. Muchas gracias.

El otro ruego que traemos es referente al Concello de Teo. En el día de ayer se aprobó una moción en el Ayuntamiento de Teo y, como tampoco quiero ser yo quien diga más que lo que dicen los compañeros de Teo, voy a dar lectura a esta moción. Es una moción que no se refiere a que nosotros vengamos aquí como un grupo político a pedir inversiones para Teo por una cuestión caprichosa o de voluntad política, no. Venimos a pedir que la Diputación cumpla con su responsabilidad, porque vamos a hablar de cuatro vías provinciales, es decir, cuatro vías que son competencia de todos nosotros, en menor medida de los que estamos en la oposición, en mayor medida de los que están en el Gobierno. Y voy a dar lectura a la moción esta, especificando claramente cuáles son estas necesidades que se solicitan y luego diré un poco los compromisos que se han adoptado porque, viendo el plan de conservación, veo que a tres de ellas se ha dedicado una cantidad de dinero pequeña. A una de ellas se ha dedicado cero euros, ni figura. Pero en todo caso voy a dar lectura a la moción. Espero, confío y deseo que hagamos lo posible por dar cumplimiento a nuestra obligación. En consecuencia, le pido a doña Mónica que intente cumplir con sus infraestructuras, las vías provinciales son titularidad de esta casa; no es razonable, no es lógico, no es presentable que se ejecute por debajo



de un 20% en Vías y Obras.

Es realmente preocupante para todos nosotros, pero en todo caso voy a dar lectura a la moción, que es donde mejor se recoge, y pido que lo tengan en cuenta y que, por favor, actúen, si no en todas –que deberían–, en alguna de ellas, haciendo la forma, priorizando las inversiones como ustedes vean más convenientes y sobre todo hablando también con la alcaldesa y los miembros del Gobierno de Teo.

O concello de Teo está atravesado de norte a sur por diversas estradas cuxa titularidade lle corresponde á Deputación Provincial da Coruña. Polo tanto, o mantemento destas infraestruturas depende directamente deste organismo provincial. Porén, as distintas estradas non viron mellora nos últimos anos, o que deriva en infraestruturas danadas e en mal estado que poñen en perigo a seguridade viaria e peonil no municipio. Falamos de estradas polas que discorren un alto número de vehículos, como é o caso da DP-8201, que pasa por Oza, unha vía pola que circulan a diario máis de 2.000 vehículos e que conecta Teo cos concellos e veciños de Rois, Vedra e Padrón, polo que urxe que se acondicionen. Neste caso concreto, tamén é urxente buscar unha solución para tratar de eliminar as curvas do denominado tramo de Castrillón co fin de evitar accidentes, un rogo que foi elevado polo propio Grupo Municipal do Partido Popular no ano 21, apoiado con máis de 1.200 firmas de veciños do concello. A día de hoxe, case catro anos despois, segue sen haber un proxecto en firme a pesar de que o Pleno da Deputación aprobara unha moción na que se reclamaba este proxecto e posteriormente o propio presidente provincial contestara un rogo presentado polo PP no que confirmaba que se estaba traballando para dar luz verde a esta iniciativa. Pero o desleixo con Teo por parte deste organismo provincial é visible e patente, ademais de comprobable o pouco ou ningún investimento real por parte da Deputación na mellora e no mantemento das súas estradas. De feito, na vía DP-8205, que vai da Ramallosa a Casalonga, urxe acondicionar a ponte do rego de Sestelo, reforzando a súa estrutura e, polo tanto, a seguridade para todos os usuarios que pasan por ela. Falamos dunha ponte pola que circulan milleiros de vehículos e que precisa dunha remodelación o antes posible para poder garantir unhas mínimas condicións de seguridade.

Así mesmo, nesta estrada tamén está pendente o proxecto de humanización do núcleo de Luou, incluíndo o reforzo da sinalización, por ser todos os días paso da rapazada que vai á parada do autobús. Reforzar a seguridade viaria peonil da zona non parece ser do interese do ente provincial, pero para o Partido Popular de Teo si que é urxente, porque calquera día hai un accidente que se podería ter evitado. Do mesmo xeito, tamén se solicitou o estudo dunha posible variante que permite a circulación nunha estrada ancha e segura, evitando os tramos de curva entre Luou e a Ramallosa, por onde é difícil o cruce de dous turismos á vez. Por esta estrada circulan, ademais de turismos, vehículos grandes, como son o paso diario de autobuses metropolitanos; o ancho actual desta estrada en certos puntos pon en risco a seguridade dos condutores, sen entrar a detallar a dos peóns, pois en toda a estrada non hai ningunha beirarrúa nin ningunha senda. Seguridade tamén inexistente na DP-0205, onde a travesía de Casalonga ata Osebe é unha petición remitida desde o Concello ao organismo provincial o pasado mes de marzo de 2024 e da cal aínda non se obtivo resposta. A solicitude incide na necesidade de executar unha actuación que mellore a accesibilidade peonil nesta estrada provincial, sendo preciso construír beirarrúas a ambas as marxes desta estrada, dado o intenso tráfico que soporta e sendo unha petición moi solicitada polos cidadáns desta zona.

Por último, logo da aprobación dun proxecto de 2017, consistente na construción dunha variante na DP-8202, no lugar de Cacheiras, as obras comezaron a finais do pasado mes de agosto de 2024. Incomprensiblemente, as máquinas estiveron traballando no lugar unha semana para logo ter todo parado. Estamos no mes de febreiro de 2025 e a situación non mudou, sendo o prazo de execución de 8 meses, é dicir, finaliza o mes



que vén.

Trátase dun proxecto que consiste nunha creación dunha variante que elimine as curvas da entrada durante 700 metros e unha ampliación da plataforma considerable con 9 metros e 7 deles de calzada, unha obra moi importante en materia de seguridade viaria, xa que a construción desta variante entre os puntos quilométricos 3500 a 4240 vai evitar o paso da maior parte do tráfico polo núcleo da Igrexa, nunha zona onde a vía actual é estreita e perigosa.

Porén, o proxecto como tal non soluciona o problema de tráfico desta vía, xa que é unha das arterias principais pola que circula unha gran cantidade de vehículos que atravesan o municipio. Neste senso, sería preciso construír unha alternativa ou polo menos ampliar a estrada, incluíndo percorridos peonís con beirarrúas para unha mellor seguridade da poboación.

Tal e como se vén de expoñer, os investimentos por parte da Deputación Provincial da Coruña no mantemento e acondicionamento das súas vías que atravesan o concello de Teo é practicamente nulo nos últimos anos, deixando unhas infraestruturas viarias en mal estado e que non cumpren os parámetros mínimos de seguridade. Os acordos que se aprobaron onte son os seguintes:

1. Instar a Deputación Provincial da Coruña a acondicionar as estradas da súa titularidade, investindo na súa mellora e reforzando a seguridade viaria en todas e cada unha delas.

2. Instar a Deputación Provincial da Coruña a retomar os traballos na DP-8202 no tocante dunha variante entre os puntos quilométricos 3500 a 4240 para así evitar o paso da maior parte do tráfico polo núcleo da Igrexa.

3. Solicitar unha resposta urxente aos proxectos que están pendentes de solución ou estudo, como é o caso das estradas 8201, que pasa por Oza, e a DP-8205, cuxa ponte precisa dunha actuación urxente.

Esta fue la moción que se aprobó el miércoles en el Ayuntamiento de Teo, y luego pues hemos visto si ustedes tenían algún propósito de enmienda o si estaban trabajando para valorar o hacer alguna cuestión de estas y vemos lo siguiente, en el plan de mantenimiento para el año que viene. Curiosamente, en la DP-8205, cuyo puente está dañada su estructura, según parece, según se puede apreciar a simple vista, yo he estado allí, lo he visto, pero aun así he pedido informe a su departamento sobre el estado de ese puente, informe que aún no me ha sido trasladado, hay cero euros, no figura ni un euro para esta carretera, cero euros, cero, cero. Supongo que estarán ustedes trabajando en una mejor alternativa y espero, confío y deseo que no pase nada en ese puente, porque entonces estaríamos hablando de responsabilidades mayores.

Pero en las otras veo partidas de 5.000 € en una, 6.000 € en otra, es decir, hay que tomarse las vías provinciales en serio, sobre todo aquellas que vertebran el territorio. En la referente a Oza que hablamos antes que hay una dificultad que no se dan cruzado dos coches, yo estuve allí, le pido a usted que la vaya a visitar, que vertebra el territorio con Teo, Vedra, Rois y Padrón, es importante, es urgente y es necesario que desde aquí planifiquemos, prioricemos y que de verdad, si tenemos un plan de estradas, que lo pongamos en funcionamiento. De verdad un plan estratégico que digamos en qué infraestructura vamos a actuar, cuándo, cómo y por qué, que sea explicable para poder ser explicado. Lo que no podemos hacer es decir que tenemos un documento que no aplicamos y que nada cambie año tras año, tras año y tras año. Eso tiene que acabarse. Espero que hagan sus deberes, que den por escuchados estos ruegos y que empiecen a trabajar un poco antes para que no lo tengamos nosotros tan complicado y empezar a hacerlo todo a partir del año 2027. Nada más y muchas gracias.



Bueno, en todo caso, despois nos dará un turno, presidente, para dedicarle unas palabras que creo que son merecidas a nuestra secretaria, verdad? Gracias.

Sr. Presidente

A respecto deste último rogo, simplemente recordarle a Evaristo a diferenza entre conservación, mantemento e obras estruturais. É dicir, o que se aproba no Plan de conservación de vías e obras non son obras estruturais, son obras de conservación. O que vostede está pedindo, evidentemente, é acometer unha obra estrutural nunha ponte e infraestruturas que van por outra vía. Polo tanto, recordar iso.

Finalizamos o Pleno, pero hoxe é un Pleno especial, é un día especial para todas e todos, para esta institución, especialmente para Amparo e, polo tanto, vamos renderlle a homenaxe que merece. Hai compañeiros e compañeiras aquí con nós, e simplemente en nome dos presidentes anteriores, das corporacións anteriores tamén tiveron a sorte de traballar con ela, pois incluso non só provinciais, senón municipais, recoñecerlle a súa enorme solvencia técnica, a súa enorme implicación persoal e súa absoluta dispoñibilidade 24 horas para calquera cuestión que lle formuláramos. Polo tanto, agradecerlle que fixera desta institución o que hoxe é, que colaborara ademais nunha institución bicentenaria para que nunca perdera o carácter de seriedade e solvencia na que se apoian os concellos da provincia e as entidades que colaboran con nós nas distintas liñas e departamentos.

E, pola nosa parte, pois desexarlle sinceramente os mellores momentos posibles nos seus proxectos vitais que agora inician; como ela di, remata unha fase, pero empeza unha nova e en nome da Corporación desexarche o mellor, que non pode ser doutra maneira. Voulles dar o paso ao resto de portavoces para que, se o consideran, lle dediquen tamén un recoñecemento ou o que consideren oportuno.

Sr. García Seoane

Si, moi breve. Agradecerche a colaboración que sempre encontrei cando entrei na túa oficina, para asesorarme sobre temas, eu que son tan polémico, e ás veces vexo cousas que non entendo, pero que ao final as persoas que sabedes diso o clarificastes; por tanto, agradecerche moito esta colaboración que sempre tiveron de porta aberta e de informar de forma fidedigna todo aquilo que che pedía. E deséxoches que entres nunha xubilación, que sexas moi feliz, que sexas moi feliz coa túa familia e cos amigos. É unha etapa nova na vida que pode ser moi fermosa, es moi nova aínda, non?, porque agora falan de es moi nova ou polo menos aparéntalo e, por tanto, desexarche o mellor nestes anos que veñen.

Sra. Veira González

Si, eu non compartín tanto tempo contigo como o resto de compañeiros da Corporación, moita xente da Corporación, pero desde logo creo que desde o BNG sempre atopamos unha porta aberta, unha persoa coa que se podía falar, discutir e que tamén para iso nos pagan e para iso estamos aquí. Estou segura de que, como muller, tiveches que afrontar moitos retos e derrubar moitos muros, romper moitos teitos de cristal e despegar os pés de moitos chans pegañentos; estou segura de que así foi e moitísimas grazas tamén por iso e, desde logo, desexarche toda a felicidade do mundo, porque está máis que gañada. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Bueno, Amparo, pouco máis se pode dicir; eu case te molesto máis como alcalde, creo, que como deputado, porque case a chamo todas as semanas e ela coñece os meus



particulares calvarios, pero é verdade o que dicía o presidente, que é unha persoa que sempre está disposta a atenderte a calquera hora, a axudarche e a darche bos consellos baseados sempre no bo funcionamento dunha Administración e na lealdade que todos e todas nos debemos aos cidadáns. Polo tanto, súpome ás verbas dos que me precederon no uso da palabra, desexándoches que teñas moitos anos, moitísimos para desfrutar desa tan merecida xubilación. O traballo feito ao longo destes anos, como dicía antes o presidente, tanto nesta institución como nas outras nas que tiveches a oportunidade de traballar, e que me consta, ademais, por compañeiros que coñezo de alí que gardan bo recordo daquela época, e sobre todo tamén por ser unha boa persoa, unha moi boa compañeira, que como tal te temos, moi próxima e, como digo, disposta sempre a colaborar e axudar. Así que nada máis, moita sorte e a desfrutalo.

Sr. Presidente

Estou pensando eu que a José Luis se lle acabou fumar a escondidas a partir de agora.

Sr. Ben Otero

Gracias. Bueno, nosotros evidentemente, Amparo, queremos desearte la mejor de las suertes, que vivas tranquila, que ya no tengas por fin que estar preocupada por nosotros y nuestras cuitas, peleas y disputas en las que a veces de forma colateral y nunca con esa intención, pero nombramos a los habilitados, bueno, para de alguna manera tirarnos los trastos unos a otros, pero lo que sí es verdad es que has estado mucho tiempo aquí, has ayudado a transformar esta provincia. La Diputación es una entidad meramente transformadora que ha hecho realidad durante muchos años, y espero que lo siga haciendo, mejorando la vida de los ayuntamientos de la provincia de La Coruña y los de ciudadanos de ellos, especialmente los más pequeños, y sin tu trabajo y el de todos tus compañeros esto sería imposible, porque nosotros aquí venimos un tiempo, lo hacemos mal, peor, regular o a veces incluso bien, pero desde luego sin vosotros nada de esto sería posible. Te deseo lo mejor. Que le des un saludo a tu marido, que descanséis y que el que venga que tenga dos referentes anteriores para seguir su ejemplo y que le sirva de espejo. Nada más, muchas gracias, mucho ánimo y que lo pases muy bien.

Sra. Secretaria

Me dejáis muda porque, cuando he visto entrar a todos los compañeros, yo que presumo de mantener los nervios, pues la verdad es que me están sudando las manos.

(Aplausos.)

Muy cortito. Lo hubiera preparado, de saber, pero bueno... Yo cuando tomé posesión, pues decía cuánto me gusta a mí la vida local. Es un trabajo muy intenso, muy bonito, muy cercano a la gente y ha sido para mí, más que un trabajo, una pasión. Lo he trabajado y me ha gustado muchísimo trabajar en esto. El período más largo de mi vida profesional ha sido ya la Diputación, y tengo que agradecer tanto a toda la gente que está aquí, a lo fácil que nos hacen el trabajo a los que a veces tenemos que decidir parar, en fin, pero la verdad es que ha sido para mí un honor trabajar aquí, participar de todo el trabajo que ha hecho la gente, colaborar con las distintas corporaciones, a las que agradezco a Valentín en nombre de las que han pasado, lo que nos facilitan y lo que nos ayudan y lo que nos hacen pensar y trabajar y buscar cómo solucionar alguna cosa. Yo aquí he sido muy feliz, y me voy también muy feliz, agradeciendo a todos, bueno, lo que me han permitido hacer. No tengo muchas palabras, la verdad, me ha pillado un poco fuera de juego, y solo puedo decir gracias.



(Aplausos.)

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:43 horas.